



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O
DÍA 4 DE XULLO DE 2016
Núm. 09/16**

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello de Bueu

Data: 04 de xullo de 2016

Hora convocatoria: 21:00 horas

Hora comezo: 21:00 horas

Hora remate: 23:10 horas

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D^a Ana Isabel Otero Pastoriza

D. José Inocente García Cuervo

D. Fidel Castro Quiroga

D. Manuel Otero Pérez

D. Xosé Leal Fariña

D^a M^a Teresa López González

D^a Silvia Carballo González

D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días

Polo grupo Partido Popular:

D^a Berta Pérez Hernández

D. Manuel Santos Pires

D^a Mercedes del Pilar Otero González

Polo grupo PSdeG-PSOE:

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Polo grupo SON

D. Julio Villanueva González

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Sergio Curra Moreira

Non asiste a Concelleira do BNG D^a María José Pérez Piñeiro

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 21:00 horas do día 4 de xullo de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 450/16 de data 29 de xuño de 2016 e notificada os membros da mesma:



1. **Acta anterior núm. 8/16 (ordinaria de 06/06/16)**
2. **Proposta Concelleira Delegada de Turismo: Solicitud declaración de Interese Turístico de Galicia da Festa das Alfombras Frorais de Bueu**
3. **Proposta da Alcaldía: Reclamación previa á vía civil presentada por D. José Miguel López González con data 09.04.16 (RE 2507) pola que interpon reclamación previa á vía xudicial civil, co fin da exclusión do Inventario Municipal de Camiños Públicos o sendeiro que se denomina IVBE 220 e que se recoñeza o carácter “non público” deste.**
4. **Proposta da Alcaldía: Incoación expediente de investigación da titularidade do solo en relación ó expediente de solicitud de licenza municipal de obras de rehabilitación de vivenda existente no lugar de sar núm. 51.**
5. **Proposta Alcaldía: Resolución das alegacións formuladas contra o acordo plenario de aprobación inicial dos orzamentos do Concello e do IMD, correspondentes ó exercizo 2016.**
6. **Proposta Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, relativa á aprobación definitiva do Plantel e do Catálogo de Persoal do Concello de Bueu correspondente ao exercizo 2016**
7. **Moción do grupo municipal ACB-SON, relativa á EDAR do Concello de Bueu**
8. **Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervencción Municipal dende a derradeira sesión ordinaria**
9. **Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria**
10. **Rogos e preguntas.**

Comprobada a asistencia de quorum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a mesma.

1. **Acta anterior núm. 8/16 (ordinaria de 06/06/16)**

Pola Presidencia dase conta do borrador da acta núm. 8/16, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de xuño de 2016, producíndose as seguintes intervencións:

- **Ana Isabel Otero Pastoriza (BNG):**

Na páxina 39, onde fai referencia a unha intervención da Sra. Otero González, do PP: *“quero facer constar unha aclaración: No Concello de Cangas tamén o rodaxe é o dobre de caro que en Bueu...”*

Non foi a Sra. Otero González quen o dixo, senón a propia Sra. Otero Pastoriza.

2. **Proposta Concelleira Delegada de Turismo: Solicitud declaración de Interese Turístico de Galicia da Festa das Alfombras Frorais de Bueu**

Pola Sra. Carballo González, na súa condición de Concelleira Delegada de Turismo, procédese a dar lectura a súa propia proposta, de data 23 de maio de 2016, do seguinte contido literal:

“Proposta de acordo plenario para a solicitud de declaración de Interese Turístico de Galicia da festa das Alfombras Florais de Bueu.

Feitos:

- *A Festa das Alfombras Florais de Bueu vense celebrando polo Corpus Christi dende hai máis de cen anos, segundo amosa a memoria que acompaña esta proposta, polo que representa un elemento senlleiro á hora de definir a identidade cultural e a*



tradición popular do pobo de Bueu, así como un factor de atracción e dinamización turística de especial relevancia e valor. A Concellería de Turismo do Concello de Bueu propón solicitar a declaración de Interese Turístico da Festa das Alfombras Florais de Bueu non só polo valor turístico e cultural da celebración, senón tamén coa idea de promover un recoñecemento ao traballo tanto das institucións e asociacións implicadas como dos veciños e veciñas que ano tras ano se esforzan durante meses para que os visitantes poidan gozar por un día a arte efémera dos nosos tapices florais.

- *O Pleno da Corporación Municipal do 8/5/2002, aprobou a Festa do Corpus como “Festa de Interese Local”, co compromiso por parte da Concellería de Cultura de potenciar a mesma.*
- *O Pleno da Corporación Municipal do 2/4/2003 acordou solicitar á Xunta de Galicia a declaración de Festa do Corpus do Concello de Bueu como “Festa de Interese Turístico Galego”, non obstante, non se chegou a iniciar o expediente.*
- *Memoria elaborada polo Servizo de Turismo do Concello de Bueu, explicativa da festa e xustificativa dos requisitos esixidos polo Decreto 4/2015 para solicitar a declaración da mesma como festa de interese turístico.*
- *O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, establece no seu artigo 11.4º.c) que entre outra documentación deberá presentarse para solicitar a declaración de festa de interese turístico o “acordo do pleno do concello ou concellos nos cales se celebre a festa ou acontecemento ou do órgano municipal que teña asignada esta atribución onde conste expresamente a solicitude de declaración”.*

Nortativa:

- *Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia publicado no DOG nº 12 do 20 de xaneiro de 2015.*

Proposta:

- *Solicitar a declaración de Festa das Alfombras Florais de Bueu como Festa de Interese Turístico de Galicia, de acordo co establecido nas bases do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a dclaración de festas de interese turístico de Galicia.”*

Remata dicindo que, de tódolos xeitos, o expediente está dispoñible no Concello para poder ser examinado.

De seguido, pola Presidencia ábrese un turno de intervencións:

• **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Como xa ben dixo a Concelleira, no 2012 aprobouse en Pleno o levar a trámite esta solicitude, e daquela a Concelleira Sra. Magdaleno Rodríguez preguntaba por qué tendo tanto interese na proposta, tardouse tanto en traela a Pleno.

Poderíamos preguntar nós o mesmo, que logo de 14 anos se lembrara traer esta iniciativa; de tódalas formas alegrámonos de que se sexa así, e pola nosa parte vai ter o voto favorable.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Dende o partido socialista dicir que, evidentemente, imos votar a favor, esperando que sexa unha tramitación sinxela e que todo veña favorable.



• **Sr. Villanueva González (SON):**

Lída a proposta, parécelle perfecto o que se dí nela, que é unha “festa das alfombras de Bueu”. Agora, ben sabedes que o noso grupo o mes pasado fixo unha proposta para que o Axuntamento de Bueu foxe absolutamente laico, co cal imos facer una proposta a este Concello de que hai dúas formas de levar as alfombras para que sexan de interese turístico cultural galego.

Estamos completamente a favor de que as alfombras florais de Bueu sexa un espazo no que Bueu esté representado e se declare de interese turístico a través da Xunta.

Agora ben, hai dúas formas de facelo: ou a Asociación que as leva a cabo, ou o Axuntamento.

A mín dame igual quenno faqa, estamos a favor de que as “alfombras florais de Bueu”, sexan de interese turístico galego; agora ben, si o Axuntamento de Bueu vai seguir poñendo carpas para que se faga unha misa e se vai seguir indo ás procesións, non nos vai quedar outra que votar en contra.

É máis, como o Sr. Alcalde o outro día no tema de que cando pedimos que o Concello de Bueu foxe laico, pois eu tamén levo o acordo asambleario do meu grupo municipal para facer esta proposta.

Si o Axuntamento de Bueu só vai dar cartos para que as alfombras florais de Bueu sexan de interese turístico a nivel galego, votarei a favor; si se vai facer misa nunha carpa pagada polo Axuntamento, procesión e distintos actos relixiosos, terei que votar que contra.

Igual fun dos poucos que leu a propostota da Asociación de Alfombras de Bueu, da que estou totalmente a favor, que non quede a menor dúbida. Hai un punto na folla 38 que pon “también son muchos los que recuerdan que antes el Corpus en Bueu celebraba dos procesiones: una primera, la relixiosa y solemne, y una segunda de carrozas que salían detrás de la procesión”.

Co cal, votaremos a favor de que as alfombras florais de Bueu, non teñan nada que ver co Santo Sacramento, nin moito menos con facer unha Confraría, iso e cousa dos fieis, que respeto a canto fiel haxa sexa católico, apostólico, romano, budista... pero creo que o Axuntamento de Bueu non ten porque gastar un duro en poñer unha carpa para que se faga unha misa; incluso o crego de Bueu estaba en contra de facelo *nun sitio que non é santo*, e da miña parte dicirille que eu sei algo de liturxia, e onde esté o Santo Sacramento *é lugar sagrado*; con que traia o cáliz coas hostias, co corpo de Cristo en teoría, onde o saque *é lugar sagrado*, pero non me parece ben que o Axuntamento de Bueu poña ningún dispendio para facer un acto relixioso.

A miña proposra é esa: Estou completamente a favor das alfombras de Bueu que é unha tradición dende fai un montón de anos. Nos anos 70 perdeuse a tradición das carrozas que ían detrás da procesión, co cal era máis laico que relixioso.

Antigamente somentes se facía a procesión no adro da Igrexa, logo eu propoño que os que sexades fieis ó Corpus Chri, o Santo Sacramento, por min facelo ben, ir á Igrexa, facer a procesión alí, sacalo en procesión...; agora ben, que o Concello de Bueu, non poña un duro para temas relixiosos. Se o Sr. Alcalde dime que o ano que ven vai ser soamente un acto laico, con alfombras, incluso poñendo cartos e facer o que faga falga, votarei a favor; pero se vai ser con procesións e con sacar o Santo Sacramento, sentíndono moito, por orde do meu partido e da miña asamblea, votarei en contra.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Entende que en ocasións, e non vai dicir que intencionadamente, pero si que confundimos os debates; o que se trae aquí é unha proposta do Concello que forma parte dun expediente administrativo e que utiliza loxicamente diferentes documentos como antecedentes.



Había dúas opcións: quen tramitase este expediente a nivel de declaración de Interese Turístico desta festa foxe a propia Asociación, ou que a fixera o Concelo.

O Concello toma unha primeira decisión, que considera que debe ser o Concello. A razón principal e que oxalá a Asociación teña moitos anos de vida, pero en todo caso a declaración de interese turístico dunha festa require que o Concello ten que garantir a súa celebración ano tras ano, e oxalá sexa a Asociación a que desenvolva a festa.

Polo tanto, na proposta que se leu anteriormente por parte da Concelleira, non se utiliza máis aló de referencias que pode haber a eses documentos anteriores que serven de elementos principais á hora de elaborar a proposta institucional.

Hai outro debate loxicamente, pero un debate que a nós non nos corresponde nin o imos dar aquí, en todo caso haberá xente interesada e algún Concelleiro pode estar interesado, sobre inmiscuirse neste caso no desenvolvemento dunha festa que orgaíza unha Asociacións; este goberno non o vai facer. Nós non imos dicirlle á Asociación neste caso de Alfombras Florais nin á Comisión de Festas ou calquera outra Comisión nin á Igrexa como teñen que organizar ou celebrar as súas festas, para nada. O Concello colaborará na medida que poida e na medida que decida, pero loxicamente non somos quen para dicirlles como cada un ten que organizar a súa casa, e o que procede a día de hoxe non é comprometerse a que o Concello siga pagando unha carpa, non se trata de iso, trátase única e exclusivamente de iniciar un procedemento administrativo que remate coa declaración desta festa como *Festa de Interese Turístico de Galicia*, nada máis.

Se se quere entender outra cousa ou que se cre que di outra cousa, pois está errado, eso é o que podemos dicir.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

O Sr. Alcalde creo que o deixou claro para toda a xente. Pódese facer de dous xeitos: que unha Asociación lúdica, laica, relixiosa ou como sexa, faga unha proposta ó Axuntamento e este a apoie. Neste momento a proposta da Festa das Alfombras Florais de Bueu, que non aparece Corpus para nada, ao non ser no segundo parágrafo que “vense celebrando polo Corpus”, estanno a pedir os Concelleiros e o Concello de Bueu.

Simplemente quero matizar que se o fai o Concello de Bueu, sexa simplemente a Festa das Alfombras Florais de Bueu, nada máis. Non pido nada máis nin o meu grupo político, consensuado na asamblea pide o mesmo, non queremos nada máis.

Co cal que o Axuntamento de Bueu, xa que o pide á Xunta de Galicia, non se vexa obrigado á procesión, carpa, misa e o que faga falta, porque na memoria queda ben claro que esta festa está máis que definida polo Corpus, e leva máis de 100 anos celebrándose. Non estou en contra de que se celebre polo Corpus ou como se se quere facer en Carnaval. Non estou en contra das alfombras, estou en contra de que o Axuntamento de Bueu, se o pide él, como laico que é, como quedou claro o mes pasado, non ten porque invertir nin un duro en actos relixiosos simplemente.

Estou completamente a favor das alfombras, así como que se poñan os medios necesarios á disposición das Asociacións e veciños que queiran participar culturalmente e por tradición, o que non podo votar é que dentro da Festa das Alfombras Florais de Bueu se pague unha carpa para facer unha misa e que vaíamos en procesión a Corporación.

Se se trata de potenciar as Alfombras Florais de Bueu simplemente, votarei a favor; senón terei que votar en contra porque é a orde que teño da miña asamblea, como orde que tivo o BNG do seu partido ou grupo municipal de votar en contra da miña proposta no seu día.

VOTACIÓN E ACORDO:



Sometida a proposta a votación ordinaria nominal a man alzada, deuse o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (tódolos membros presentes: 11 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON).
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta anteriormente, dispoñendo en consecuencia:

- Solicitar a declaración de Festa das Alfombras Florais de Bueu como Festa de Interese Turístico de Galicia, de acordo co establecido nas bases do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a dclaración de festas de interese turístico de Galicia.

3. Proposta da Alcaldía: Reclamación previa á vía civil presentada por D. José Miguel López González con data 09.04.16 (RE 2507) pola que interpón reclamación previa á vía xudicial civil, co fin da exclusión do Inventario Municipal de Camiños Públicos o sendeiro que se denomina IVBE 220 e que se recoñeza o carácter “non público” deste.

Pola Alcaldía-Presidencia dase lectura ao dictáme emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda en sesión celebrada o día 29 de xuño último, en relación co asunto de referencia, dictaminando favorablemente a proposta da Alcaldía de data 21/06/16 obrante no expediente, con 5 votos favorables dos Concelleiros do BNG (4) e SON (1), e 4 abstencións (2 dos representantess do PP, 1 do PSOE e 1 da Concelleira Sra. López González do BNG), cuxa proposta literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Reclamación Previa á Vía civil, presentada por D. José Miguel López González con data 09.04.16 (RE 2507), na que interpón RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL CIVIL, co fin da exclusión do Inventario Municipal de Camiños Públicos o sendeiro que se denomina IVBE 220, e de que se recoñeza o carácter non público deste.

Antecedentes Administrativos:

Expediente de Investigación de Bens

- *Solicitud de D.Eligio Otero Alvarez, de data 11.05.05 (RE 2868) de expedición de certificación sobre a titularidade do camiño que discurre polo vento este da finca da súa propiedade denominada Curraces, xunto con plano de situación*
- *Informe de Policía Local num. 309/2005 de 20.06.05 no que se sinala que “Preguntados a varios veciños do lugar de Montemogos, que tiñan bastante idade, éstos manifiestan que ese camiño sempre o consideraron público, dado que sempre circularon por él para ir e vir especialmente da igrexa os veciños de Montemogos*
- *Informe Técnico Municipal de 14.09.05*
- *Escrituras de propiedade de veciños do lugar, nas que se indica nos lindes a existencia do camiño*
- *Informe de Secretaría de 27.03.2006*



- *Proposta Concellería Dda. De Economía e Patrimonio de 28.03-2006 de incoación expediente de investigación sobre titularidade municipal do camiño delimitado polas parcelas 11,10,9,8,6,5,4,3,2,1 e 21 do Polígono 12 do Catastro de Rústica do Concello de Bueu*
- *Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu de data 05.04.2006 de incoación expediente de investigación*
- *Notificacións ós lindantes do camiño do acordo adoptado polo Pleno da corporación Municipal con data 05.04.2006*
- *Documentación aportada por D^a Isolina López Piñeiro con data 20.04.2006 (RE 2406)*
- *Publicación anuncio no BOP de Pontevedra num. 85 de 04.05.2006*
- *Informe Rexistro sobre alegacións presentadas no periodo de exposición pública*
- *Apertura período de proba polo instructor do expediente*
- *Notificación expresa ós lindantes do camiño e os que se determinan na proposta para testificar neste expediente*
- *Comparecencia D. José Eligio Otero Alvarez en proba testifical, o 14.09.2006*
- *Documentación aportada por D^a Isolina López Piñeiro con data 18.09.16 (RE 5456)*
- *Informe do Arquitecto Técnico Municipal de 04.10.2006, expoñendo que existen razóns fundadas para considerar a posibilidade de que o camiño sexa público, pero non se atopan probas concluintes*
- *D. Juan Santos Sánchez Martínez achega documentación aclaratoria sobre este expediente e solicitude de comparecencia*
- *Documentación achegada dende o Arquivo Municipal, ós efectos de comprobación de lindeiros co camiño público municipal de couto, Aldea de currares, lugar de montemogos, parroquia de Beluso (Bueu), no amillamento municipal de 1945*
- *Informe do Arquitecto Técnico Municipal de 26.10.2006 concluindo a titularidade pública do camiño*
- *Proposta da Concellería Delegada de Economía e Patrimonio de 26.10.2006 de Resolver o expediente de investigación respecto do camiño ubicado entre a Estrada do antigo cine e as Escaleiras de acceso ó Colexio de currares, segundo plano de situación anexo ó informe 309/2005 da Policía Local determinadndo a natureza pública do mesmo, como camiño rural.*
- *Resolución adoptada polo Pleno da corporación Municipal do Concello de Bueu con data 08.11.2006 que resolve o expediente de investigación do camiño ubicada entre a Estrada o Antigo cine e as Escaleiras de acceso ó Colexio de currares en Beluso.*
- *Notificacións do Acordo adoptado polo Pleno da corporación Municipal ós que figuran como interesados neste expediente.*

Expediente de Revisión Expediente de Investigación do camiño sito no lugar de Montemogos, entre o Antigo Cine e Escadas de Acceso ó colexio de Currares.

- *José M. López González, con data 02.12.13 solicita informe xurídico de Calixto Escariz de 18.11.13*
- *Remítese copia do informe solicitado con data 23.12.13 (RS 4678)*
- *Informe Xurídico de Calixto Escariz Vázquez de Desestimar Recurso de Reposición presentado por D. Miguel López Glez.*
- *Solicitude José M. López González de 11.01.14 (RE 204), instando a revisión de oficio do expediente de declaración de camiño público en Montemogos*
- *Informe da Arquitecta D^a Iria Pazos Neira de 20.02.14 en canto redactora do Inventario de Camiños da Parroquia de Beluso*
- *Informe Calixto Escariz SLU de 24.02.13 en relación coas alegacións presentadas por D. José Miguel López González en data 11.01.14, no expediente de investigación da*



- titularidade do camiño existente entre o antigo cine e as escadas de acceso ó Colexio de Curraces, en Montemogos da Parroquia de Beluso.
- *Proposta da Concelleira Delegada de Patrimonio de 07.03.14: Resolución das alegacións presentadas por D. José Miguel López González, en data 11 de Xaneiro de 2014, no expediente de investigación da titularidade do camiño existente entre o antigo cine e as escadas de acceso ó Colexio de curraces en Montemogos, da parroquia de Beluso.*
 - *Ditame da comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Seguridade Cidadá, Persoal e Promoción Económica*
 - *José M. López González con data 07.04.14 (RE 2410) solicita copia do informe da arquitecta acerca na natureza do camiño público de Curraces”*
 - *Certificado da Resolución adoptada polo Pleno da corporación Municipal de 07.04.14, relativa ás alegacións formuladas por D. José Miguel López González ó expediente de investigación de titularidade do camiño existente entre o antigo cine de Beluso e as escadas de acceso ó Colexio de Curraces, en Montemogos.*
 - *Notificación acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal de 07.04.14, relativa ás alegacións formuladas por D. José Miguel López González ó expediente de investigación de titularidade do camiño existente entre o antigo cine de Beluso e as escadas de acceso ó Colexio de Curraces, en Montemogos a D. José Miguel López González*
 - *Recurso de reposición formulado ó acordo adoptado polo Pleno da corporación Municipal celebrado con data 7 de Abril de 2014 que conclúe desestimar as alegacións presentadas por D. José Miguel López González con data 04.06.14 (RE 3928), toda vez que en primeiro lugar non se lle causou indefensión algunha na tramitación do expediente administrativo de investigación do camiño existente entre o antigo cine e as escadas de acceso ó Colexio de Curraces en Montemogos, e en segundo lugar a determinación do carácter do mesmo como público fundaméntase na convicción de que tal carácter acadou a Corporación Municipal con fundamento nos indicios existentes de afección real a un uso público do mesmo, polo que o acordo que resolve o expediente de investigación o 8 de Novembro de 2006 axústase plenamente a dereito.*
 - *Informe Xurídico de 13.06.14 con entrada no Rexistro Municipal o 24.06.14 (RE 4543), en relación coas alegacións presentadas por D. José Miguel López González o 04.06.14 fronte ó acordo do Pleno da Corporación Municipal de Bueu con data 07.04.14*
 - *Proposta da Concelleira Delegada de Patrimonio do Concello de Bueu de 26 de Xuño de 2014*
 - *Ditame Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Seguridade Cidadá, Persoa e Promoción económica celebrada con data 02.07.14*
 - *Certificado do acordo adoptado polo Pleno da corporación Municipal con data 07.07.14 que desestima o recurso de reposición interposto por D. José Miguel López González, con data 04.06.14 (RE 3928, que resolve desestimar o recurso de reposición interposto por D. José Miguel López González fronte o acordo do Pleno da Corporación Municipal de Bueu de data 07.04.14 que resolve desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas por D. José Miguel López González, en relación ó expediente de investigación do camiño situado entre o antigo cine e escadas de acceso ó Colexio de Curraces, en Montemogos non se lle causou indefensión algunha e que a determinación do carácter do referido camiño coma públido foi correctamente acadado polo Pleno do Concello de Bueu ó fundamentarse nos indicios existentes de afección real a un uso público e notorio do mesmo, polo que, o acordo de Pleno de data 7 de Abril de 2014 axústase plenamente a dereito, procedendo a desestimación do recurso potestativo de reposición interposto polo Sr. López González*



Expediente Reclamación Previa á vía xudicial civil presentada por D. José Miguel López González con data 09.04.16 (RE 2507)

- Reclamación previa á vía xudicial civil presentada por D. José Miguel López González con data 09.04.16 (RE 2507)
- Informe do Arquitecto Municipal de 24.05.16 concluíndo que si o camiño fora privado, en todas as escrituras debería poñer o titular colindante ó outro lado do camiño. O carecer deste nome enténdese que non lindan con propiedade privada e que a expresión "sendeiro" "camiño" ou "sendeiro e valado, refírense a que, carecendo de titularidade privada que se menciona, estamos ante unha propiedade pública.

Fundamentación xurídica:

- Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais
- Lei 30/1992 de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común

Vista a reclamación previa á vía xudicial presentada por D. José Miguel López González, con data 09.04.16 (RE 2507)

Manifestando que:

Primeiro: O Concello ten dereito a incluír no inventario os seus bens existentes, pero elo esixe que se cumpran todos os requisitos que menciona o art. 20 do actual Regulamento de Bens de 1986, aprobado por R. D. 1372/1986 de 13 de Xuño e polo tanto que se trate de situacións nas que a titularidade ou pertenza do ben non ofrezca dúbida algunha e non esté controvertida, algo que non sucede no caso que nos ocupa.

Segundo: O referido sendeiro non ten a condición de camiño público nin a tivo nunca, nin o inventario municipal nin o uso nin a documentación histórica do camiño xustifican o carácter público que se lle pretende dar. Sen ánimo de expoñer de forma exhaustiva as razóns que se opoñen a tal carácter se sinalan as seguintes:

a) A tramitación do expediente de investigación que finaliza coa declaración do carácter público do camiño ciméntase nun grave error cometido polo Arquitecto Técnico D. Alfredo de la Campa Fervenza.

No seu informe de data 4 de Outubro de 2006 que se aporta como documento 1, finaliza coa conclusión de que existen razóns para considerar a posibilidade que o camiño sexa público, pero non se atopan probas concluíntes.

Curiosamente, atopa estas probas concluíntes poucos días despois, xa que no seu informe de 26 de Outubro de 2006 (Documento num. 2) sinala que "Dende o arquivo municipal de Bueu apórtase copia do Amillamento municipal de 1945, no que aparecen identificadas varias fincas de zona sinalando todas un linde polo vento este con camiño á Igrexa de Beluso. A vista do que antecede considérase que o citado camiño é Público"

Esta proba tomouse como indicio irrefutable e en base a atribuír a condición de público ó camiño, non é máis que un grave error, xa que o arquitecto técnico etase a referir á Carretera Provincial EP-1302 que linda polo vento este coas parcelas. O camiño que nos ocupa linda polo vento oeste das parcelas, para o que os amillamentos indican linde con sendeiro e valado, identificando o valado co muro de peche da parela.

b) No informe realizado pola Técnica Iria Pazos Neira, a petición do concello, ante a mencionada solicitude de revisión formulada polo dicente se conclúe que "Segundo o



- criterio empregado na elaboración do inventario de camiños Públicos, o devandito terreo non sería público. A pesar de elo, incluíuse no inventario.
- c) O uso inmemorial como camiño público non o tivo nunca. Unicamente servía de acceso ós propietarios das fincas co él colindantes.
- d) Na documentación histórica de todos os titulares dos predios colindantes co sendero de servizo ás fincas non se fala de colindancia con camiño público senon todo o contrario. Presenta un esquema que inclúen todos os límites das parcelas colidantes co camiño, segundo diferentes escrituras de cada un deles, no que pode verse como a enorme maioría indican que polo Este lindan con sendero e Valado, polo que se deduce que as fincas alcanzaban ata o valado (muro de peche de parcela 11)
- e) Que a diferenza do que ocorre con camiños públicos o sendeiro ata fai pouco (frente á inmemorialidade alegada) carecía de saída.
O camiño non tivo saída ata o 13 de Xullo de 1964, cando Manuel Cabral donou ó concello de Bueu parte do seu terreo (actual parela 18) para a construción de escadas de acceso ó colexio, xa que ata ese momento dita parcela limitaba directamente coa parcela num. 10, sen que houbera forma de acceder á vía que que nos ocupa polo terreo en que posteriormente foron construídas as escadas, xa que existía un gran desnivel que evitaba o paso da xente.
Adxúntase como documento num. 4 a escritura de donación a favor do Concello de Bueu, entendendo con ela que a engañosa denominación "Camino entre antigo cine e escadas de acceso ó Colexio de curraces" cae polo seu propio peso como inmemorial
- f) O sendeiro denominado IVBE-220 non aparece no catastro de 1956, nin nas Normas Subsidiarias Municipais nin en ningún outro documento ou plano. De Feito na foto catastral de 1956 refléxanse todos os camiños de forma detaiada, incluso os privados e as servidumes, pero non o que nos ocupa.
A pesar o que di o inventario, o sendeiro non aparece reflexado nin siquiera no catastro actual (aporta copia de foto catastral actual como documento num. 5 acreditativo deste extremo.
- g) O sendeiro non presenta sinais externas do seu uso público, segundo se pode apreciar nas fotos, incluída na súa ficha do inventario de Camiños Públicos. Está cheo de maleza e nunca foi limpadado polo Conello e apenas está definido.
Non está pavimentado, non ten alumeadado público nin aceras, nin traida de auga, nin sumidoiro, nin a pesar do que se recolle no inventario, servizo de electricidade.
O mantemento das vías públicas é competencia do Concelo, tal e como sinala a lei 7/1985 de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Loal nos artigos 25.2 e 26.1a)
Unha competencia nunca exercitada, xa que o sendeiro non foi nin é de titularidade pública.

Terceiro.- Ante o sinalado, resulta evidente que se teñen producido numerosos erros na tramitación do expediente que rematou coa declaración do carácter público do camiño. Resulta común en Galicia que moitos camiños sexan de titularidade privada, pero a súa constitución é antiga que non está claramente reflexado en ningunha escritura. Esa falta de concreción non pode verse, por parte dos Concellos como unha oportunidade para apropiarse deles.
Basta con acudir ó artigo 76 e seguintes da lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia, para percatarse de que o camiño que nos ocupa presenta todas as características dunha serventía, que pudo ter a súa orixe nunha servidume de paso, e polo tanto ten carácter privado.

E solicitando que se teña interposta esta reclamación previa á vía xurisdiccional civil e se dite resolución que:



- ✓ *Anule o acordo que declarou o carácter público do camiño denominado IVBE-220 no Inventario de Camiños Públicos*
- ✓ *A exclusión deste inventario*
- ✓ *Se acorde o carácter privado do mesmo, de conformidade co exposto*

Reservándose en caso contrario o exercizo das accións legais oportunas tendentes a manter e no seu caso restituir o carácter privado do citado seneiro e a compensación de danos, perxuízos e gastos que se teñen irogado por este Concello como consecuencia da ilegal calificación de público da tan repetida vía.

Segundo consta nos antecedentes e os informes xurídicos emitidos a propósito do expediente de investigación e de revisión do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal de data 08.11.2006 que resolve o expediente de investigación do camiño existente entre o antigo cine e escadas de acceso ó Colexio de Curraces, e que foi desestimado polo Pleno da Corporación de data 07.04.14 que resolve as alegacións formuladas por D. José Miguel López González.

Si temos en consideración o tocante á valoración dos indicios que acadou a partires dos mesmos a convicción da natureza pública do referido camiño de Montemogos, procedendo a súa inclusión no inventario de Camiños, actuación plenamente en concordancia coa xurisprudencia do alto tribunal que, establece que para considerar a correcta inclusión dun ben no Inventario Municipal é suficiente a existencia de indicios de que os bens teñan natureza pública sen necesidade dunha proba acabada ou fehaciente de dita titularidade, e elo, en canto a inclusión dun ben a dito inventario, non ten carácter constitutivo (SSTS 1 de Outubro de 2003, 10 de Decembro de 2001, 15 de outubro de 1997, 23 de Xaneiro de 1996, 28 de Abril de 1989, 9 de Xuño de 1978, así como STSX de Castilla la Mancha de 29 de Xuño de 2006, STSX do País Vasco de 29 de Outubro de 2004, STSX de Baleares de 3 de Xullo de 2003)

Logo de proceder este Concello á valoración dos indicios existentes, o cal supón proceder a análise daqueles que manifiestan natureza pública e daqueles outros que poidan ser contrarios á mesma. Entre os cales se puideran incluír os que o recorrente cita nos seus escritos, foron ponderados uns e outros chegando o Pleno do Concello e Bueu á convicción final da natureza pública do referido camiño, pola súa afección real a un uso público, con recoñecemento notorio do mesmo por parte dos veciños, os cales presentan os peches das súas parcelas con saída a éste, que a súa vez conecta dous viais públicos e dada a falta de documentación histórica ou títulos de propiedade que describan claramente a titularidade do ben.

Considerando o manifestando D. José Miguel López González na reclamación previa á vía xudicial presentada con data 09.04.2016 (RE 2507), a existencia dunha serie de erros na apreciación da documentación procedente do Amillamento Municipal de 1945, na cal tiveronse en conta os lindes da parcela polo Leste, que facían referencia ó "Camiño á Igrexa de Beluso", que se corresponde coa actual estrada e non co camiño.

Non se pode esquecer, que, a outra documentación do arquivo relativa a una solicitude de variante do camiño coñecido co nome de O Couto do ano 1928 non permite identificar tampouco o camiño de referencia, Do mesmo xeito, as escrituras de certa antigüidade aportadas no procedemento de investigación non arrojan máis luz ó asunto, ó non permitir identificar as parcelas a que fan referencia, e polo tanto o camiño ó que lindan.



En senso contrario as escrituras máis recentes falan de camiño e mesmo nalgunha califícase como público, como é o caso da parcela num. 9 datada de 2001.

Do cal o erro de apreciación que pon de manifesto o Sr. José Miguel López González, supón a inexistencia dun indicio de titularidade pública do camiño valorado coma tal no expediente de investigación, debendo examinarse o resto de indicios que levaron a determinar o seu carácter público como son:

x Informes do Arquitecto Técnico Municipal:

O camiño dun ancho variable non se atopa asfaltado, carece dos servizos de iluminación pública, sumidoiro e suministro de auga

As vixentes NNSS de Bueu así como no Catastro non se fai referencia ó mesmo.

Existencia de peches retranqueados e portais de acceso dende o camiño.

x Informe de Policía Local:

Recollen a declaración de veciños da zona, os cales coinciden no uso público que se fixo sempre do mesmo.

x Declaracións Testificais:

Recóllese declaración a D. Eligio Otero Alvarez que confirma a existencia de peches de fincas que dan ó mesmo e o uso para o acceso ás mesmas.

De entre os mencionados indicios cabe salientar que da documentación obrante en poder do Concello púxose de manifesto a existencia dun sendeiro, sen denominación recoñecida, do que en ningún caso nos títulos de propiedade analizados se fai mención expresa a súa natureza privada, constando nos máis recentes a súa descrición coma público.

Na contra do que parece entenderse, non todos os sendeiros son de carácter privado, senon que tal natureza dependerá da titularidade do terreo polo que o mesmo discurra.

De feito nas NNSSMM de Planeamento do Concello de Bueu no artigo 2.3.1.1.1 recóllese a clasificación das estradas e demais vías públicas, entre as que figuran "Estradas comarcais e locais, camiños veciñais, camiños municipais, sendeiros e camiños de escasa entidade e outras vías municipais. Podendo entenderse que existen tanto sendeiros como camiños de carácter público.

Son neste caso a falta de acreditación da propiedade privada do terreo polo cal o mesmo discorre, que a conexión de dúas vías públicas (un camiño público e a estrada EP-13001) e o uso público por parte dos veciños que se lle recoñece como de xeito notorio os principais idicios de natureza pública do mesmo que estima o Concello.

Sirva como aclaración que a súa non inclusión tanto no catastro de 1956 como nas Normas Subsidiarias de Planeamento facilmente pode traer causa de inexistencia daquela dun inventario que permitise identificar con certo grado de inexactitude os camiños públicos, sendo un máis dos indicios a valorar polo Concello para chegar á convicción da verdadeira natureza do camiño.

De igual xeito o criterio empregado para a formación do inventario basease nunha serie de indicios, que verificados na súa maior parte, conlevan a aparencia de natureza pública do ben.

O que non implica que un determinado ben en cuestión poida gozar dalgún deses indicios sendo ou tendo aparencia privada e no mesmo senso outro poida carecer deses indicios que presente outros que permitan chegar a convicción do carácter público do mesmo.

Este último caso semella ser o do camiño existente entre o antigo cine e as escadas de aceso ó Colexio de curraes en Montemogos, dados os indicios de titularidade pública.



Visto o informe do Arquitecto Municipal de 15.04.16 a propósito das circunstancias alegadas por D. José Miguel López González o 09.04.16 en reclamación previa á vía civil, sobre o carácter público ou privado do camiño que linda polo oeste da súa propiedade.

No senso de que o citado camiño foi obxecto de expediente municipal de investigación con conclusión de que se trata dun camiño público.

Que no escrito presentado por D. José Miguel López González se alega que nos informes municipais que deron soporte á declaración había un erro na identificación do camiño, baseada nun erro na orientación, do que se derivou unha decisión que se considera errónea, e aporta un claro cuadro de propietarios cos seus lindeiros e as referencias ós lindeiros nas sucesivas escrituras que aportan.

Que no párrafo previo a dito cadro dí: “Nel pode verse como a norme maioría indican que polo Leste lindan con sendeiro e valado.

Deixando de lado que donde dí Este debe deir Oeste, o que sí se constata é que unicamente unha delas dí literalmente que linda como con sendeiro público (parcela P9 escritura de 1988)

A conclusión que pode extraerse é que si o camiño fora privado, en todas as escrituras deberían poñer o titular colindante ó outro lado do camiño. Ó carecer deste nome enténdese que non lindan con propiedade privada e que a expresión “sendeiro” “camiño” ou “sendero” e Valado” refírense a que, carecendo de titularidade privada que se mencione, estamos diante unha propiedade pública.

Pola presente, en base os antecedentes postos de manifesto, os informes técnicos e xurídicos que se tomaron como base neste expediente .

Visto o informe xurídico asinado por Calixto Escariz Vázquez e Victor Piñeiro Díaz de 15 de Xuño de 2016, que tivo entrada no Rexistro Municipal con data 22 de Xuño de 2016 (RE 4778), a solicitude do Concello de Bueu en relación coa reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil interposta por D. Jose Miguel López González relativo o carácter público ou privado do camiño existente entre o antigo cine e as escadas de acceso ó Colexio de Curraces, en Montemogos. Reclamación previa presentada o nove de abril de 2016.

Nos seguintes termos:

“ANTECEDENTES DE FEITO

- 11/05/2005: D. José Eligio Otero Álvarez formula ó Concello de Bueu solicitude de certificación de titularidade de camiño que discorre polo vento este da finca da súa propiedade denominada Curraces.

- 08/11/2006: Díctase polo Pleno da Corporación Municipal de Bueu acordo que resolve o expediente de investigación do camiño ubicado entre a estrada do Antigo Cine e as Escaleiras de acceso ó Colexio de Curraces determinando a natureza pública do mesmo.

- 13/11/2009: Concedeuse polo Concello de Bueu licenza a D. Miguel López González para a construción de vivenda.

- 20/08/2010: D. Miguel López Gonzalez interpón recurso extraordinario de Revisión fronte ó expediente de investigación do camiño de Curraces por existir un erro de interpretación nos lindes do Amillamento Municipal de 1945, toda vez que o expediente se resolve tendo en conta o linde leste das fincas, “camiño á Igrexa”, que se corresponde coa actual estrada, cando o camiño a investigar é o que linda polo oeste, denominado coma “sendeiro e vallado”. Sendo que ademais o mesmo considera que non se lle deu publicidade ó procedemento.

- 27/07/2012: D. Miguel Juncal Pereira formula Revisión de Oficio da Licenza de construción outorgada o 13.11.2009 con motivo da resolución do expediente de investigación que declara o camiño coma público.

- 05/11/2013: Informe da Arquitecta municipal, no cal se pon de manifesto que, de acordo cos criterios empregados para a elaboración do inventario Municipal de Camiños Públicos do Concello de Bueu, o camiño non sería público por no atoparse recollido nin no catastro actual nin no 1956, nin tampouco nas NSMP.

- 09/04/2016: Reclamación administrativa previa á vía xudicial civil presentada por D. José Miguel López González.

- 24/05/2016: Informe do Arquitecto Municipal concluíndo que si o camiño fora privado, en todas as escrituras debería poñer o titular colindante ó outro lado do camiño. O carecer deste nome enténdese que non lindan con propiedade privada e que a expresión "sendeiro" "camiño" ou "sendeiro e valado", refírense a que, carecendo de titularidade privada que se menciona, estamos ante unha propiedade pública.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Normativa aplicable


- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de réxime local.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

II.- Fundamentación xurídica

Primeiro.- D. Jose Miguel López Gonzalez presentou reclamación previa á vía xudicial presentada con data 09.04.2016, na cal solicitaba se ditase resolución pola que se acorde:

- A anulación do acordo que declarou o carácter público do camiño denominado IVBE-220 no Inventario de Camiños Públicos.
- A exclusión do Inventario de Camiños
- O carácter privado do mesmo

Segundo.- Si temos en conta a xurisprudencia do máis alto tribunal, é necesario manifestar que, para considerar como correcta a inclusión dun ben no Inventario Municipal é suficiente a existencia de indicios da natureza pública dos bens sen necesidade dunha proba contundente, acabada ou fehaciente da devandita titularidade, toda vez que a inclusión dun ben nese Inventario non ten carácter constitutivo (SSTS 1 de Outubro de 2003, 10 de Decembro de 2001, 15 de outubro de 1997, entre outras).



Precisamente é esa suficiencia da existencia de indicios da natureza pública a que permite non entrar a analizar, neste intre concreto, a suposta existencia de erros na identificación que alega o reclamante no seu escrito de interposición da reclamación administrativa previa.

Dado esa falta de carácter constitutivo da Inscripción, sempre quedará aberta a vía xurisdiccional civil para calquera discusión en relación ó dereito de propiedade, no cal abandonara ó Concello a situación de superioridade propia da vía administrativa.

Dos antecedentes facilitados polo Concello se pode observar como as escrituras de certa antigüidade aportadas no procedemento de investigación non



arroxan máis luz o asunto, o non permitir a identificación das parcelas que fan referencia. En todo caso, da descrición dos lindeiros se desprende non a colindancia directa entre propietarios (o que sería indicador ben de tratarse dunha Serventía, ben dunha Servidume), senón a aparición de termos tales como “sendeiro”, “camiño” ou “valado”, algo que, pese a indefinición dos títulos, si que indican a existencia dunha unidade independente.

En todo caso, haberá que examinar o resto de indicios que puidesen determinar o carácter público ou privado do mesmo. Da configuración física do terreo se pode afirmar que o mesmo consta de saída polos seus dos extremos, configuración esta que podería servir para desvirtuar a natureza do mesmo como serventía ó abeiro do artigo 76 da Lei de Dereito Civil de Galicia, dado que o seu uso non estaría limitado ás propiedades próximas á súa ubicación xeográfica.

Non é obstáculo para a consideración de camiño público o feito de que non esté acondicionado. É mais, as propias NNSSMM de Planeamento do Concello de Bueu recollen, na clasificación feita de estradas e demais vías públicas “as estradas comarcais e locais, camiños veciñais, camiños municipais, sendeiros e camiños de escasa entidade e outras vía municipais”. Feita esta introdución, se estima prudente afirmar os seguintes indicios e/ou fontes de proba:

✓ **Informes do Arquitecto Municipal:**

O camiño dun ancho variable non se atopa asfaltado, carece dos servizos de iluminación pública, sumidoiro e/ou suministro de auga. Tampouco as vixentes NNSS de Bueu como no Catastro se fai referencia ó mesmo.

Si que se pode utilizar como indicio físico a existencia de peches retranqueados do mesmo, así como portais de acceso dende o camiño.

Tamén existe informe de data 24.05.2016 no que se conclúe que si o camiño fora privado, en todas as escrituras debería poñer o titular colindante ó outro lado do camiño, non a mención “sendero”, “camino” o “sendero y vallado”, que as veñen a configurar como unidades xurídicas independentes.

✓ **Informe da Policía Local:**

Destaca a existencia de declaracións de veciños da zona, os cales coincidirían no uso público que se fixo sempre do mesmo.

Así pois, se observa que non existe claridade nos títulos de propiedade nin na documentación histórica, sendo evidente a ausencia total de mención do mesmo no Catastro e nas NNSS. Pola contra, si que se pode afirmar o uso público notorio (dada a existencia de peches retranqueados), e que o mesmo serve de conexión entre viais públicos (IVBE-019 e IVB-150), dado o manifesto uso que os veciños da zona recoñeceron ó mesmo.

Por todo iso, é necesario acudir, outra vez, a Xurisprudencia emanada da Sala do Civil do Tribunal Supremo. As sentenzas, entre outras, de 6 de marzo de 1992 e 9 de maio de 1997, declaran, dun modo rotundo que a existencia de indicios que leven ó Concello á convicción de que o camiño é de titularidade pública lle permite resolver o expediente de investigación en tal senso. Afirmación esta que non sería obstáculo para que a Xurisdición Civil decida, dun xeito definitivo, sobre a verdadeira natureza do ben.

CONCLUSIÓNS

De acordo co exposto, este despacho profesional entende que se deberá desestimar a reclamación administrativa previa presentada por D. Jose Miguel López González, propoñendo a adopción do acordo que resolva desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional civil presentada con data 09/04/2016 (RE 2057) no que se solicita:

3. A Anulación do acordo polo que se declarou o carácter público do camiño denominado IVBE-220 no Inventario e Camiños Públicos da Parroquia de Beluso no Concello de Bueu.



4. A exclusión deste no inventario municipal de Camiños Públicos da Parroquia de Beluso do Concello de Bueu
5. A resolución expresa do carácter privado do mesmo.

Habéndose emitido o presente informe de acordo co leal saber e entender de quen o subscribe e sen prexuízo doutros fundamentados en mellor Dereito”

Pola presente veño en PROPOÑER Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción de acordo que RESOLVA DESESTIMAR a reclamación previa á vía xurisdiccional civil presentada por D. José Miguel López González con data 09.04.2016 (RE 2507) no que se solicita:

- *A anulación do acordo polo que se declarou o carácter público do camiño denominado IVBE-220 no Inventario e Camiños Públicos da parroquia de Beluso do Concello de Bueu*
- *A exclusión deste no inventario municipal de camiños públicos da parroquia de Beluso do Concello de Bueu*
- *A resolución expresa do carácter privado do mesmo.”*

De seguido, pola Presidencia ábrese o conseqüente turno de intervencións:

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Con referencia a este punto, nun principio pensaba votar a favor, por canto non tivera tempo ver todo expediente na Comisión; pero logo de profundizando un pouco máis no expediente, entende que hubo un fallo no ditame do Aparellador de data 04/10/06 que dou lugar á resolución do expediente Dí que non se atopan probas concluíntes para que este camiño sexa público; e logo fai outro informe 22 días máis tarde dicindo que se considera un camiño público, en base ao amillaramento.

Entende que o Axuntamento o que ten e que facer é rectificar o erro que tivo, e non denegar a reclamación que cree razonada.

Incluso o informe da Arquitecta redactora do documento do Inventario de Camiños, dí que según o criterio empregado na elaboración do inventario, o devandito sendeiro non sería público.

Por outra banda, existe un informe de Calixto Escaríz, que non dúbida de que sexa un bo xurista, pero gustaríalle ver neste expediente un informe da Secretaria do Concello e non do asesor xurídico.

Por último anuncio o seu voto en contra da proposta presentada.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Simplemente dicir que ese é un expediente que leva dende o 2003 enriba da mesa, ou 2004 se non lembro mal. Eu daquela era Concelleiro e tamén votei a favor do camiño como público, e se quere que o camiño sexa declarado como privado, debe acudir ó Xulgado. O Concello considera que é público, e ten todo o dereito o reclamante a acudir á xustiza privada.

Polos informes e por todo o que mirei, considero que o camiño é público, co cal anuncio o voto a favor da proposta.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Así como podería haber ó mellor algún tipo de razóns iniciais que dera lugar a dúbidas, o que sí é certo que logo deses informes hai algunha proba de maior peso xurídico coma a proba testifical dos veciños e tamén de propietarios das parcelas que dan fronte a ese camiño.

Non existe ningún documento de propiedade que acredite, como na maioría dos casos, de que sexa público ou privado.



Sí houbo un expediente de investigación no seu momento que conclúe que se trata dun camiño público, pero posteriormente o Concello de Bueu elabora un Inventario de Camiños que tamén foi aprobado inicialmente e sometido a exposición pública para alegacións e aprobación definitiva. Aí houbo oportunidade tamén para presentar a pertinente reclamación en vía administrativa e xurisdiccional despois, e non se fixo. Sempre ten aberta esa posibilidade.

Temos outro expediente a continuación similar en canto a discusión de si se trata dun camiño público ou privado. Neste caso, logo sobre todo da aprobación dese inventario de camiños da parroquia de Beluso, a día de hoxe é un documento que nos compromete tamén; non podemos cuestionar o propio documento no que estivemos aquí traballando, tramitando e aprobando.

Se a xurisdicción chega a recoñecer que se trata dun camiño privado, tampouco pasa nada; rectifícase, como xa ten pasado noutras ocasións; e á inversa, si alguen nalgún momento considera que debe figurar algún camiño que non figura reflectido no inventario e se acredita debidamente, modifícase e rectifícase. Trátase dun instrumento dinámico, non de algo estático que se aproba unha vez e non se pode cambiar.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Pode estar dacordo co sinalado pola Alcaldía; simplemente entende que houbo un erro e que o Axuntamento tiña que habelo rectificadado. Non sabe porque no rectificou, non se lle explicou na Comisión, e non vai tampouco a facer ningunha indagación nese senso.

Votaría a favor ou incluso poderíase abster se aquí aparecera un informe da Secretaria onde me dixera que iso é así; como non o hai, a Calixto Escaríz non teño porque facerlle caso.

• **Sr. Santos Pires (PP):**

Nun principio, polo que está a dicir o Sr. Vilas, non me quedou claro si realmente os informes din que é público ou non. Entende polo que obra no expediente, que quedaba claro que era público, e quen dicía que era privado era o particular, nese caso. Como dí o Sr. Vilas que ó mellor as probas dicían o contrario, por iso preguntaba.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Non entende como nas conclusións di: *“de acordo co exposto, este despacho profesional entende que se deberá...”*. Polo que diga un *“despacho profesional”* que non sabe quen lle paga, e non sexa un funcionario público quen diga que ten a razón o Concello, no terá en conta.

• **Sr. Santos Pires (PP):**

Entende que cando se detecte un erro debe procederse a súa rectificación, sen teres o particular que meterse en temas xudiciais. Por iso preguntaba, se entendemos que non hai un erro, procede a súa aprobación.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Nun principio está revisado polos técnicos e consideran que non hai ningún erro loxicamente.

VOTACIÓN E ACORDO:

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación a proposta transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:



VOTACIÓN E ACORDO:

- Votos a favor: 11 (10 dos representantes do BNG, agás da Sra. López González, e 1 do representante de SON)
- Votos en contra: 1 (do Concelleiro do PSdeG-PSOE)
- Abastencións: 4 (1 da Sra. López González, do BNG, e 3 dos representantes do PP)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda prestar aprobación á proposta transcrita nos seus propios termos, desestimando por tanto a reclamación previa á vía xurisdiccional formulada por D. José Miguel López González con data 09/04/15 (RE 2507), contra a declaración do carácter público do camiño denominado IVBE-220 do Inventario de Camiños da Parroquia de Beluso.

4. Proposta da Alcaldía: Incoación expediente de investigación da titularidade do solo en relación ó expediente de solicitude de licenza municipal de obras de rehabilitación de vivenda existente no lugar de sar núm. 51.

Pola Alcaldía-Presidentencia dase lectura ao dictáme emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda en sesión celebrada o día 29 de xuño último, en relación co asunto de referencia, dictaminando favorablemente por unanimidade dos 9 concelleiros presentes (5 do BNG, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON) a proposta da Alcaldía de data 20/06/16 obrante no expediente e que literalmente di, e de cuxas conclusións deu lectura o Concelleiro delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda:

“Asunto: Incoación expediente de investigación da titularidade de solo en relación ó expediente de solicitude de licenza municipal de obras de Rehabilitación de vivenda existente no lugar de Sar núm. 51

Antecedentes administrativos:

- *Expediente de solicitude de licenza municipal “Rehabilitación de vivenda unifamiliar en Sar (Promotor: D. José A. Martínez Vázquez)
Incorpora: Proxecto*
- *Expediente de solicitude informe previo e autorización de Augas de Galicia relativa ó aproveitamento de auga por medio de pozo.
-Solicitude informe de Augas de Galicia
-Informe do Arquitecto Técnico Municipal
-Remisión informe técnico a Aguas de Galicia
-Remisión por Augas de Galicia de Resolución usos privativos.
Recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas.*
- *Expediente de soliciude de licenza municipal de obras para pozo de abastecemento e auga en Sar, a instancia de D. José A. Mnez. Vázquez.*
- *Expediente de infracción urbanística por construción de pozo de abastecemento de auga en Sar núm. 51.
-Denuncia formulada por Jaime Gómez Graña por obras de construción de pozo en Sar.
-Denuncia pOlicía Local por infracción urbanística obras pozo.*
- *Resolución incoación expediente restauración legalidade urbanística.
-Alegacións presentadas polo promotor.
-Informe do Arquitecto Técnico Municipal.
-Remisión copia do informe do Arquitecto Técnico Municipal a Jaime Gómez Graña.*
- *Expediente de solicitude de información respecto do camiño sito no lugar de Sar.*



-Solicitud de información presentada por José A. Martínez Vázquez.

-Informe Policía Local 24/2009

-Informe do Arquitecto Técnico Municipal

•Expediente de solicitud de información urbanística

-Solicitud información urbanística presentada por José A. Martínez Vázquez

-Informe do Arquitecto Municipal

-Informe do Arquitecto Municipal

•Expediente "Recurso contencioso-administrativo: Procedemento ordinario 76/2005 MS, que resolve en recurso de apelación 4055/2006 desestimar a demanda formulada por D. Antonio Martínez Vázquez contra desestimación presunta do recurso de reposición interposto polo demandante contra resolución da Xunta de Goberno do Concello de Bueu de 23.089.2004 de denegación de licenza solicitada para rehabilitación dunha vivenda sita en Sar.

•Expediente de solicitud de licenza municipal para Rehabilitación de vivenda en Sar, solicitada en xullo/2009 (adxunto documentación visada 11.02.2010, 22.06.2010, 09.12.2010, 15.12.2010, 31.05.2011, e proxecto modificado visado o 08.02.13), cos antecedentes ós que fai referencia a dilixencia do departamento de Urbanismo de 29.03.2016.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda de 09.11.15 de incoación expediente de investigación da titularidade do solo en relación ó expediente de solicitud de licenza municipal de obras de Rehabilitación de vivenda existente no lugar de Sar núm. 51.

Que con data 04.09.15 emítase pola Asesoría Xurídica do Concello, informe sobre o levantamento da suspensión de licenzas derivada da aprobación do PXOM. Sinalando que, tendo transcorridos dous anos previstos no artigo 77.3 da LOUGA, como consecuencia da aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, municipal, procede o levantamento da mesma, proseguindo a tramitación de todos los expedientes de concesión de licenzas que se viron afectados pola mesma.

Téndose comunicada esta suspensión con data 11.12.13 (RS 4564) ó interesado.

Consta asemade no expediente informe xurídico de data 07.11.13 no que se sinala que, dada a posible titularidade pública do solo sobre o que se ubica o pozo que garante o abastecemento da vivenda e o cumprimento do artigo 172.1 da LOUGA, sería preciso incoar e tramitar o correspondente expediente de investigación de oficio, suspendendo entre tanto o expediente de concesión de licenza municipal.

Polo promotor con data 16.06.15 (RE 4696), se solicita a incoación de expediente de investigación para determinar a titularidade dos terrenos nos que se ubica o pozo de abastecemento de auga.

Visto o inforem do Arquitecto Municipal de 22.04.16 e complementario coa mesma data, para incorporar a expediente de investigación sobre a titularidade do solo exterior á construción, segundo solicitud presentada por D. José Antonio Martínez Vázquez, no lugar de Sar núm. 51 de Bueu.

Nos seguintes termos:

"Solicitud: Concelleiro de Urbanismo



ASUNTO: Aportación de planimetría de las NNSSMM de 1986 y otras para el expediente de investigación de titularidad.

INTERESADO: José A. Martínez Vázquez

SITUACIÓN: Sar - Beluso - Bueu

Fecha: 02/02/16

Requerido por el Concelleiro de Urbanismo se redacta informe técnico sobre las referencias planimétricas disponibles que afectan a la parcela investigada.

Siguen planos de:

- NNSS de 1986*
- Foto aérea de goolzoom*
- Planimetría del Inventario de Caminos de Beluso*
- Catastral con señalamiento de la parcela investigada*
- Catastral superpuesto a foto aérea*
- Catastral superpuesto a mapa*
- Previsión de alineaciones en el PXOM (versión tras las alegaciones)*

Bueu, a 22/04/16, El Arquitecto Municipal, Fdo.: Fernando Baeza Ordóñez””

””SOLICITANTE: Secretaría

Fecha: 21/04/16

Localización: Sar nº 51 - Bueu

Se solicita informe complementario para el expediente de investigación sobre la titularidad del suelo exterior a la construcción que se solicitó rehabilitar por José Antonio Martínez Vázquez en Sar, nº 51.

El Arquitecto Municipal INFORMA:

En su día se solicitó licencia para realizar un pozo de barrena dentro de los límites de la vivienda a rehabilitar.

El promotor ejecutó un pozo de barrena fuera de los límites de la citada vivienda.

Como quieera que el terreno que está fuera de la vivienda, tiene informe del anterior técnico municipal (Dionisio de Uña) en el que se afirma que el terreno exterior a la vivienda es público, existe la controversia sobre la titularidad del mismo.

El 01/12/14 recibe aprobación definitiva el Inventario de Caminos de Beluso en el que se incardina este emplazamiento.

Se adjunta copia ampliada del camino IVBE-138 a su paso frente a la vivienda. Puede observarse que la superficie sobreada en color rosa deja un espacio sin sobrear frente a la vivienda. Es decir que según este documento existe un espacio (público o privado) entre el borde del camino inventariado y la fachada de la vivienda a rehabilitar.

Se adjunta asimismo planos acotados del espacio a investigar, extraído de la documentación obrante en el expediente y plano de situación en las NNSS vigentes.

Bueu, a 22/04/16. El Arquitecto Municipal, Fdo.: Fernando Baeza Ordóñez.””

Considerando o deber que asiste ós Concellos a exercer a defensa dos seus bens en tódalas posibilidades e que entre os instrumentos que o ordenamento xurídico vixente outorga a tal efecto se atopa a potestade de investigación, parece que debería tramitarse expediente administrativo ó efecto de determinar a titularidade pública ou privada da propiedade referida,



pois o exercicio da referida potestade non implica de por sí a determinación da natureza pública do ben, sino como ben indica o seu nome o que se pretende é realizar unha investigación e serán as actuacións probatorias que se practiquen na mesma, así como os informes técnicos e xurídicos que se emitan os que servirán de motivación ó acordo que no seu cao se adopte.

O procedemento de tramitación é absolutamente reglado segundo o diagrama fixado polo RD 1372/1986 de 13/06, polo que se aproba o Regulamento de Bens.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB)*
- Lei 7/1985 de 2 de abril, regeuladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)*
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.*
- Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)*

Considerando a finalidade do exercicio da potestade de investigación, averiguar a situación daqueles bens dos que non consta a titularidade municipal, pero sobre a que existen indicios de que puidera corresponder ó Concello, que supón que non existen datos ou documentos propios que xustifiquen a propiedade ou posesión, e que se constitúe en razón lexitimadora do exercicio da acción, e os datos obrantes no expediente, así como a natureza da acción a exercer, considérase que existen indicios suficientes para a incoación do expediente de investigación, sen que dito acordo prexuzgue o acordo que para a resolución do expediente se poida adoptar.

Polo exposto, veño en elevar ó Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: *Estimar procedente o exercicio da acción investigadora respecto do espazo fronte á vivenda que se solicitou rehabilitar por D. José Antonio Martínez Vázquez, sita no lugar de Sar núm. 51 de Bueu, que linda co camiño IVBE-138 do Inventario de Bens da Parroquia de Beluso, que se encardina neste emprazamento e segundo consta nos planos que se incorporan ós informes do arquitecto municipal de 22.04.16.*

Segundo: *Incoar expediente de investigación sobre a titularidade municipal do espazo fronte á vivenda que se solicitou rehabilitar por D. José Antonio Martínez Vázquez, sita no lugar de Sar núm. 61 de Bueu, que linda co camiño IVBE-138 do Inventario de Bens da Parroquia de Beluso, que se encardina neste emprazamento, e segundo consta nos planos que se incorporan ós informes do arquitecto municipal de 22.04.18.*

Terceiro: *Nomear Instructor do expediente ó Concelleiro Delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda, D. Martín Villanueva Pastoriza e Secretaria a Dna. Araceli Pérez Morán, Xefa de Negociado de Secretaría do Concello de Bueu, suxeitos ás causas de abstención ou recusación recollidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.*

Cuarto: *Publicar ese acordo no Boletín Oficial da Provincia, expoñendo un exemplar de dita publicación no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de quince días.*

Quinto: *Abrir un período de alegacións escritas a favor dos afectados polo expediente de investigación polo prazo de un mes dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da*



Provincia de Pontevedra.

Sexto: Dar traslado da presente resolución ás Administracións do Estado e Autonómica para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos a alegar o que estimen procedente.

Sétimo: Notificar persoalmente a presente resolución ós afectados polo expediente que resulten coñecidos e identificables para que durante o referido prazo fagan as súas alegacións.

En Bueu, a 20 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo: Félix Juncal Novas.”

VOTACIÓN E ACORDO:

Non producíndose ningunha intervención ó respecto, o Sr. Alcalde somete a aprobación a proposta transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (11 dos representantes do BNG, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)
- Votos en contra: 0
- Abastencións: 3 (dos Concelleiros do grupo municipal do PP)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda prestar aprobación á proposta transcrita nos seus propios termos, dispoñendo en consecuencia:

Primeiro:

Estimar procedente o exercicio da acción investigadora respecto do espazo fronte á vivenda que se solicitou rehabilitar por D. José Antonio Martínez Vázquez, sita no lugar de Sar núm. 51 de Bueu, que linda co camiño IVBE-138 do Inventario de Bens da Parroquia de Beluso, que se encardina neste emprazamento e segundo consta nos planos que se incorporan ós informes do arquitecto municipal de 22.04.16.

Segundo:

Incoar expediente de investigación sobre a titularidade municipal do espazo fronte á vivenda que se solicitou rehabilitar por D. José Antonio Martínez Vázquez, sita no lugar de Sar núm. 61 de Bueu, que linda co camiño IVBE-138 do Inventario de Bens da Parroquia de Beluso, que se encardina neste emprazamento, e segundo consta nos planos que se incorporan ós informes do arquitecto municipal de 22.04.18.

Terceiro:

Nomear Instructor do expediente ó Concelleiro Delegado de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda, D. Martín Villanueva Pastoriza e Secretaria a Dna. Araceli Pérez Morán, Xefa de Negociado de Secretaría do Concello de Bueu, suxeitos ás causas de abstención ou recusación recollidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Cuarto:

Publicar ese acordo no Boletín Oficial da Provincia, expoñendo un exemplar de dita publicación no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de quince días.

Quinto:

Abrir un período de alegacións escritas a favor dos afectados polo expediente de investigación polo prazo de un mes dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Sexto:

Dar traslado da presente resolución ás Administracións do Estado e Autonómica para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos a alegar o que estimen procedente.

Sétimo:

Notificar persoalmente a presente resolución ós afectados polo expediente que resulten coñecidos e identificables para que durante o referido prazo fagan as súas alegacións.

5. Proposta Alcaldía: Resolución das alegacións formuladas contra o acordo plenario de aprobación inicial dos orzamentos do Concello e do IMD, correspondentes ó exercizo 2016.

Pola Alcaldía-Presidencia dase lectura ao dictáme emitido pola Comisión Informativa de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e Réxime Interior e da Comisión Especial de Contas celebrada o pasado 29 de xuño, en relación coa proposta da Alcaldía de 22/06/16 de *Resolución das alegacións formuladas contra o acordo plenario de aprobación inicial dos orzamentos do Concello e do IMD correspondentes ao exercizo 2016*, dictaminando favorablemente a mesma, con 5 votos favorables dos Concelleiros representantes do BNG; 3 abstencións (2 dos representantes do PP, e 1 de ACB-SON) e 1 voto en contra (do Concelleiro do PsdG-PSOE, cuxa proposta literalmente di:

“Asto.: Resolución das alegacións formuladas contra o acordo plenario de aprobación inicial dos orzamentos do Concello e do IMD correspondente ao exercizo 2016

O Pleno da corporación municipal, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria de data 02.05.2016, aprobou inicialmente o orzamento xeral do concello de Bueu e do Instituto municipal de Deportes (IMD) para o exercizo 2016, publicándose o correspondente anuncio no B.O.P. núm. 91 de 12.05.2016.

No período de exposición pública do correspondente expediente que vai dende o 13.05.2016 ata o 31.05.2016, formuláronse as seguintes alegacións segundo resulta do expediente administrativo e do informe da empregada encargada do rexistro xeral do concello de data 21.06.2016:

Data e núm. RE	Reclamante	Presentada en prazo (Si-S/Non-N)
30/05/2016 4081	Fernán Couto Araujo, Secretario Xeral da Federación de Servizos públicos da UGT Pontevedra	Si
31.05.2016 4139	José Manuel Vilas Pastoriza, voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE de Bueu	Si

Con data 10 de xuño de 2016 emítase informe polo Interventor municipal ás reclamacións presentadas contra os orzamentos do Concello correspondentes ao ano 2016

En base ás fundamentacións contidas no informe do Interventor respecto das alegacións aos orzamentos formuladas por Fernán Couto Araujo (UGT) e Jose Manuel Vilas Pastoriza, , voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE de Bueu, que resultan da regulación contida nos artigos 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto



refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL) relativo á lexitimación activa e causas de reclamación contra os orzamentos

En aplicación do disposto nos artigos 169 do TRLFL, 20.3 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, pola presente propoño ao pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Rexeitar as alegacións aos orzamentos do Concello de Bueu correspondentes ao exercizo 2016 formuladas por Fernán Couto Araujo, secretario xeral da federación de servizos públicos da UGT, Pontevedra, e Jose Manuel Vilas Pastoriza, , voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE de Bueu, formuladas en tempo e forma mediante escritos con rexistro de entrada núm. 4081, de 30.05.2016 e 4139 de 31.05.2016, respectivamente, polos motivos sinalados no informe do interventor do concello relacionado na proposta.

2º.- Aprobar definitivamente os orzamentos do Concello e do IMD correspondente ao exercizo 2016 cuxo resumo por capítulos e o estado de consolidación son o seguintes:

RESUMO POR CAPÍTULOS ORZAMENTO CONCELLO 2016

CAPITULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CAPITULO	CREDITOS INICIAIS
1	2.601.908,94	1	2.855.389,85
2	70.000,00	2	1.933.517,92
3	479.760,00	3	25.912,57
4	2.934.793,76	4	750.095,16
5	24.004,14		
TOTAL CORRENTE	6.110.466,84	TOTAL CORRENTE	5.564.915,50
6	0,00	6	951.564,56
7	661.408,57	7	0,00
TOTAL CAPITAL	661.408,57	TOTAL CAPITAL	951.564,56
8	3.000,00	8	5.000,00
9	0,00	9	253.395,35
TOTAL FINANCIEROS	3.000,00	TOTAL FINANCIEROS	258.395,35
TOTAL ORZAMENTO	6.774.875,41	TOTAL ORZAMENTO	6.774.875,41

RESUMO POR CAPÍTULOS ORZAMENTO IMD 2016

CAPITULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CAPITULO	CREDITOS INICIAIS
1	0,00	1	0,00
2	0,00	2	15.000,00
3	0,00	3	25.000,00
4	40.000,00	4	0,00
5	0,00		
TOTAL CORRENTE	40.000,00	TOTAL CORRENTE	40.000,00



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

6	0,00	6	0,00
7	0,00	7	0,00
TOTAL CAPITAL	0,00	TOTAL CAPITAL	0,00

8	0,00	8	0,00
9	0,00	9	0,00
TOTAL FINANCIEROS	0,00	TOTAL FINANCIEROS	0,00

TOTAL ORZAMENTO	40.000,00	TOTAL ORZAMENTO	40.000,00
------------------------	------------------	------------------------	------------------

CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS 2016

CONCELLO DE BUEU			INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES	CONSOLIDACIÓN		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	IMPORTES	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
1	GASTOS DE PERSOAL	2.855.389,85	0,00	2.855.389,85		2.855.389,85
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	1.933.517,92	15.000,00	1.948.517,92		1.948.517,92
3	GASTOS FINANCEIROS	25.912,57	0,00	25.912,57		25.912,57
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	750.095,16	25.000,00	775.095,16	40.000,00	735.095,16
6	INVESTIMENTOS REAIS	951.564,56	0,00	951.564,56		951.564,56
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00		0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00	0,00	5.000,00		5.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	253.395,35	0,00	253.395,35		253.395,35
	TOTAIS	6.774.875,41	40.000,00	6.814.875,41		6.774.875,41

CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO DE INGRESOS 2016

CONCELLO DE BUEU			INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES	CONSOLIDACIÓN		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	IMPORTES	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.601.908,94		2.601.908,94		2.601.908,94
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	70.000,00		70.000,00		70.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	479.760,00		479.760,00		479.760,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.934.793,76	40.000,00	2.974.793,76	40.000,00	2.934.793,76
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	24.004,14		24.004,14		24.004,14
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00		0,00		0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	661.408,57		661.408,57		661.408,57
8	ACTIVOS FINANCEIROS	3.000,00		3.000,00		3.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00		0,00		0,00
	TOTAIS	6.774.875,41	40.000,00	6.814.875,41		6.774.875,41

3º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran no Boletín oficial da provincia e no tabolero de anuncios do Concello.



En Bueu, a 22 de xuño de 2016
O Alcalde
Félix Juncal Novas”

A Presidencia cédelle a palabra ó Concelleiro Delegado de Facenda:

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

O artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, determina taxativamente os supostos en que se poderán entablar reclamacións contro o orzamento, e dí:

“Unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento por tres motivos: a) por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei; b) por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lixítimo, e c) por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación ós gastos orzamentarios, ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previsto.”

No mesmo senso pronúnciase o artigo 22.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

Houbo alegacións presentadas por D. Fernán Couto Araújo, Secretario Xeral da Federación de Servizos Públicos de UGT Pontevedra.

Na primeira fala de erros no catálogo e cadro de persoal como anexo dos diferentes orzamentos xerais.

A resposta é que unha alegación igual do mesmo interesado foi presentada o ano pasado, o 16 de xaqueiro de 2015, e resolta polo Pleno deste Concello o 2 de febreiro de 2015, polo que a tratarse dunha cuestión xa resolta mediante acto administrativo firme e consentido, non procede.

Segundo, dí que segue sen contemplarse no Capítulo I do Orzamento Municipal, ningunha partida para o pagamento do resultante da paga extra deixada de percibir polos empregados públicos no ano 2012.

O artigo 1.1.3 do RDLei 10/2015, con respecto a estas reclamacións, sinala que *“cada administración pública abonará las cantidades previstas en este artículo dentro del ejercicio de 2015 si así lo acuerda y si su situación financiera lo hiciera permisible. De no permitirlo su situación económica o financiera en 2015, el abono podrá hacerse en el primer ejercicio presupuestario en que dicha situación económica lo permita.”*

Ben, pois a situación económico-financieira deste Concello, neste momento non é a idónea para proceder a un aumento de gastos.

Outra alegación é complemento transitorio. Este complemento foi establecido por Resolución da Alcaldía o 23/10/14, en aplicación do convenio colectivo; convenio colectivo que por certo foi aprobado por tódolos sindicatos, incluído UGT.

Por tratarse dunha cuestión xa decidida mediante acto administrativo firme e consentido, tampouco procede.

E cuarta, fala de dotación mínima imprescindible para as necesidades presentes das unidades administrativas.

De acordo co artigo 172 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, apartado b), non procede.

Hai outras alegacións presentadas por D. José Manuel Vilas Pastoriza, en calidade de



voceiro do PSdeG-PSOE de Bueu, que presenta 6 alegacións e as 6 incumpren cos tres supostos; ningunha cumpre algún dos supostos, sendo por tanto rechazadas.

De seguido, pola Presidencia ábrese a conseguinte quenda de intervencións:

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

A verdade é que sería difícil presentar unhas alegacións ó presuposto que cumpriran con este artigo 170.2, porque despois de levar ano e medio en facelo imaxinábame que tería que estar correcto e as contas cadradas; si houbera algo que alegar en base a este punto sería fastidiado para o equipo de goberno.

De tódalas formas, o que me choca deste informe é sobre unha alegación que fai o Secretario Xeral da Federación de Servizos Públicos da UGT, onde pide que se pague a paga extra, e ao final pon *“á vista do anterior, non parece que a situación económica-financeira do Concello do momento sexa idónea para proceder ao incremento dos gastos”*.

Logo do responso que nos votou o equipo de goberno cando foi aprobado inicialmente o orzamento, facendo ver que todo estaba de maravilla, onde era unha situación idónea, onde todo isto era unha balsa de aceite e que todo estaba perfecto, resulta que non hai cartos, non é o momento idóneo para abonar 50.000 € que parece ser ó que se eleva a paga extra según lle manifestou o Interventor.

Parece ser que o remanente de Tesourería do Concello resulta negativo cun saldo de menos 800.000 €. Dende logo é increíble logo do responso aquel nos que deixaba a todos ben postiños.

Por outra banda fago unhas alegacións porque este goberno, coa maioría absoluta que ten de 12 Concelleiros, creo que a entende mal; entendea mal porque nos fai unhas encerronas cando se tratan estes temas, fixo o mesmo no Plan Xeral que non nos chamou para nada, evidentemente non lles facemos falta; e neste tema do orzamento nos cita a dúas reunións e logo nos deixa de lado; evidentemente xa nos corta toda posibilidade de facer o que tiñamos pensado, pero aínda así decidín presentar estas suxerencias ou propostas para o que nos entendemos que debería ser un presuposto máis favorable para os veciños.

Polo visto, e segundo o informe *trátase dunha cuestión de oportunidade política*, e ningunha das propostas feitas o equipo de goberno lle valeron nin o máis mínimo. Non lle vale un novo reparto dos trescentos e pico mil euros da Deputación; xa entendo que non porque xa fixeron o reparto eles sen contar cos demáis; tampouco vale proceder a recuperación da xestión tributaria municipal, aínda que todo mundo o leva nos pasquíns da propaganda electoral; unha partida presupostaria para concurso de ideas de proxectos municipais. O Alcalde prefere facer unha piscina a gusto del e que os demáis teñamos que asumila.

Non lle vale tampouco unha ampliación das subvencións nominativas, incluíndo ao Moto Club Moteros do Morrazo, debido ao seu interese público, por canto supón unha importante inxección económica para o sector comercial e hostelerio de Bueu durante os días que se leva a cabo.

Non lle vale tampouco unha ampliación das partidas presupostarias destinadas a bibliotecas, que son ínfimas; e tampouco unha dotación presupostaria para a Escola Obradoiro de Música, sendo unha Escola municipal onde teñen uns 70 alumnos e cuxa profesora nos pediu que traballásemos nese sentido.

Remata anunciando o seu voto en contra da proposta.

• **Sr. Santos Pires (PP):**



O que lle parece mal é o tema de que se escuden sempre nun informe xurídico para non facer caso ás suxerencias que lles facemos. Cando se ten presentado algunha alegación vamos á lexitimidade; o outro día xa comentou na Comisión que lle extrañaba que non se fixera a raxatabla, non hai lexitimade nin activa nin pasiva e patapún, xa acabou de mirar o tema.

Que se conteste con que estamos mal economicamente para non ter en conta algunha das alegacións presentadas, lle parece un pouco mal, en canto ó fondo do asunto.

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Aclarar ó voceiro do PSdeG-PSOE que a situación económica-financeira e a liquidez son cousas diferentes; cartos hai, o que pasa é que facer efectiva a paga extra supón incrementar os gastos do capítulo I, que é o capítulo de persoal, e eso ten un teito por Lei e non se pode pasar, tamén que o sepa.

E tamén debería saber como Concelleiro que as alegacións eran nulas dun principio porque un Concelleiro non pode ou non debe presentar alegacións. O seu lugar, a defensa, e no Pleno. Contestouse por cortesía, que o saiba, pero esas cousiñas debería sabelas.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Xa lle dixen no Pleno da aprobación inicial que non tiña nin idea de presupostos. Que quere que lle faga, non pode estar a todo.

De tódolas formas gustaríalle que me confirmase se a paga extra, como me dixo o Interventor, ascende a 50.000 €.

Quería saber si neses 50.000 € están incluídas a paga extra que se pagou mediante produtividade en 3 tramos (novembro de 2012, xaneiro de 2013 e febreiro de 2013), e o que resta son 50.000 € ou engloba todo.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Vaiamos por partes, e vou comezar polo final.

Ese Concello non abonou a paga extra do 2012, eso que quede claro; polo tanto, o que está pendente non sei si é esa cantidade, igual o Concelleiro de Facenda ou o Interventor pode confirmala.

Que eu saiba, a día de hoxe, naide, nunca, polo menos dende que estou aquí presidindo esta Corporación dixo que a situación do Concello foxe idónea, nunca. Que se dixera que a situación do Concello é boa, si; que mellorou moito nos últimos anos, tamén. Idónea dificilmente haberá unha declaración nosa nese sentido.

Que é mellorable, por suposto que tamén, claro que é mellorable. Que mellorou nestes anos, se quere fágolle referencia a cal era o nivel de endebedamento do Concello de Bueu a 31 de decembro do 2007 e a 31 de decembro de 2015.

O Concello debía cerca de 3.000.000 de euros entre as facturas que estaban sen regularizar máis casi 1.800.000 € de préstamos bancarios.

Unha vez regularizadas esas facturas e a 31 de decembro de 2016, a débeda total andaré nos 1.275.000 €.

Esa é a evolución do Concello; sempre mellorable, por suposto que sí. Que aumentou o gasto público nos últimos 8 anos neste Concello, tamén, moitísimo, en tódalas áreas. Que hai unha serie de limitacións e restricións de carácter financeiro, tamén, e que están impostas polo Estado, tamén. E naide pode dicir aquí o contrario.

Pódese utilizar a demagogia, como se fai. O que non se pode dicir é que 315.000 € dunha subvención da Deputación, se convirtan en 2.000.000 de euros coa proposta que fai a oposición, ou máis.



O que non se pode dicir publicamente é que os cartos que está a recadar o Concello polo procedemento de regularización extraordinaria que leva a cabo o Estado, según algún co beneplácito loxicamente da Alcaldía, que van para a carpintería de ribeira. Eso é mentir, non ten outro nome. Está aí, nos medios de comunicación.

Realmente xestionar o Concello ten as súas dificultades, sempre haberá quenno faga mellor, sen lugar a dúbidas; seguro que vostedes o farían doutra forma, e seguro que tamén moito mellor, pero nos somos os responsables nestes momentos de decidir o que facer. Se por vostedes fora, pois seguiríamos incrementando o gasto, reducindo os ingresos... porque coas propostas que nos truxeron nos últimos anos, reduciríanse enormemente tamén os ingresos, ata tal punto que ata propuxeron que algo que non cobrou o Concello, que foi a taxa administrativa cobrada como un cánon por parte do Catastro, tiña que devolverlla o Concello de Bueu ós veciños, con informe dos técnicos municipais advirtindo da nulidade dese acordo, e antes pedía un informe de Secretaría. Válenlle cando lles interesa unecamente.

Nos asumimos a responsabilidade das nosas decisións, as boas e as malas. A súa labor e facer oposición e de desgastar o goberno, e así o están facendo,

Quen ten no seu momento que dictar veredicto é a cidadanía de Bueu, que será a que opine sobre a xestión do goberno tamén sobre o traballo da oposición, cando se anda a dicir medias verdades; pero o que é demostrabale non é cuestionable.

A actuación na carpintería de ribeira, na súa primeira fase, os cartos proceden da subvención da Deputación Provincial de Pontevedra, non de recursos propios do Concello, que quede moi claro; nin tampouco dese procedemento catastral, non como se dixo publicamente.

Nos reafirmamos tamén na auténtica vixencia destes orzamentos que se aprobaron, se as notas non son erróneas, a aprobación inicial o 2 de maio, saliu publicado no BOP uns días máis tarde, e que é unha lástima que esa aprobación inicial finalmente tivese unhas alegacións, algunha pode ter o seu fundamento xurídico, como aquí tamén de dixo, que é a que presentou o sindicato; outra, dendo o punto de vista legal, non teñen procedencia; as mesmas cuestións que se presentan nas alegacións pudo tamén presentalas para debate no momento de aprobación inicial; non entendemos porque aproveita o momento para presentar alegacións, salvo que hubese interese en retrasar a aprobación definitiva dos orzamentos e por conseguinte retrasar o pagamento de facturas pendentes; si foi así, acertou vostede, aí ten a súa victoria.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Cando fai referencia á oposición, refírese a toda a oposición? Si é así quere quenda de réplica.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Non se refería a toda a oposición, senón o que fixo esa referencia nos medios.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Pide intervenir.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

A quenda de intervencións neste punto, que se trata dunha proposta do goberno, correspóndelle pechala ao goberno, igual que cando presenta un grupo da oposición unha iniciativa ou proposta, lle corresponde pechar a quenda.

VOTACIÓN E ACORDO:



Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a aprobación a proposta transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (dos Concelleiros presentes do BNG)
- Votos en contra: 4 (3 dos Concelleiros do PP e 1 do PSdeG-PSOE)
- Abastencións: 1 (do Concelleiro de SON)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda prestar aprobación á proposta transcrita nos seus propios termos, dispoñendo en consecuencia:

1º.- Rexeitar as alegacións aos orzamentos do Concello de Bueu correspondentes ao exercizo 2016 formuladas por Fernán Couto Araujo, secretario xeral da federación de servizos públicos da UGT, Pontevedra, e Jose Manuel Vilas Pastoriza, , voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE de Bueu, formuladas en tempo e forma mediante escritos con rexistro de entrada núm. 4081, de 30.05.2016 e 4139 de 31.05.2016, respectivamente, polos motivos sinalados no informe do interventor do concello relacionado na proposta.

2º.- Aprobar definitivamente os orzamentos do Concello e do IMD correspondente ao exercizo 2016 cuxo resumo por capítulos e o estado de consolidación son o seguintes:

RESUMO POR CAPÍTULOS ORZAMENTO CONCELLO 2016

CAPITULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CAPITULO	CREDITOS INICIAIS
1	2.601.908,94	1	2.855.389,85
2	70.000,00	2	1.933.517,92
3	479.760,00	3	25.912,57
4	2.934.793,76	4	750.095,16
5	24.004,14		
TOTAL CORRENTE	6.110.466,84	TOTAL CORRENTE	5.564.915,50
6	0,00	6	951.564,56
7	661.408,57	7	0,00
TOTAL CAPITAL	661.408,57	TOTAL CAPITAL	951.564,56
8	3.000,00	8	5.000,00
9	0,00	9	253.395,35
TOTAL FINANCIEROS	3.000,00	TOTAL FINANCIEROS	258.395,35
TOTAL ORZAMENTO	6.774.875,41	TOTAL ORZAMENTO	6.774.875,41

RESUMO POR CAPÍTULOS ORZAMENTO IMD 2016

CAPITULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CAPITULO	CREDITOS INICIAIS
1	0,00	1	0,00
2	0,00	2	15.000,00
3	0,00	3	25.000,00



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

4	40.000,00	4	0,00
5	0,00		
TOTAL CORRENTE	40.000,00	TOTAL CORRENTE	40.000,00
6	0,00	6	0,00
7	0,00	7	0,00
TOTAL CAPITAL	0,00	TOTAL CAPITAL	0,00
8	0,00	8	0,00
9	0,00	9	0,00
TOTAL FINANCIEROS	0,00	TOTAL FINANCIEROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO	40.000,00	TOTAL ORZAMENTO	40.000,00

CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS

2016

CONCELLO DE BUEU			INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES	CONSOLIDACIÓN		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	IMPORTES	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		2.855.389,8				
1	GASTOS DE PERSOAL	5	0,00	2.855.389,85		2.855.389,85
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	1.933.517,9	15.000,00	1.948.517,92		1.948.517,92
3	GASTOS FINANCIEROS	25.912,57	0,00	25.912,57		25.912,57
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	750.095,16	25.000,00	775.095,16	40.000,00	735.095,16
6	INVESTIMENTOS REAIS	951.564,56	0,00	951.564,56		951.564,56
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00		0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	0,00	5.000,00		5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	253.395,35	0,00	253.395,35		253.395,35
	TOTAIS	6.774.875,4	40.000,00	6.814.875,41		6.774.875,41
		1				

CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO DE INGRESOS

2016

CONCELLO DE BUEU			INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES	CONSOLIDACIÓN		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	IMPORTES	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.601.908,9		2.601.908,94		2.601.908,94
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	70.000,00		70.000,00		70.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	479.760,00		479.760,00		479.760,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.934.793,7	40.000,00	2.974.793,76	40.000,00	2.934.793,76
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	24.004,14		24.004,14		24.004,14
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00		0,00		0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	661.408,57		661.408,57		661.408,57
8	ACTIVOS FINANCIEROS	3.000,00		3.000,00		3.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00		0,00		0,00
	TOTAIS	6.774.875,4	40.000,00	6.814.875,41		6.774.875,41
		1				



3º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran no Boletín oficial da provincia e no tabolero de anuncios do Concello.

6. Proposta Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, relativa á aprobación definitiva do Plantel e do Catálogo de Persoal do Concello de Bueu correspondente ao exercizo 2016

Pola Alcaldía-Presidencia dase lectura ao dictáme emitido pola Comisión Informativa de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e Réxime Interior e da Comisión Especial de Contas celebrada o pasado 29 de xuño, en relación coa proposta da Alcaldía da mesma data de *Aprobación definitiva do Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu, correspondente ó exercizo 2016*, dictaminando favorablemente a mesma, con 5 votos favorables dos Concelleiros representantes do BNG e 4 abstencións (2 dos representantes do PP, 1 de ACB-SON e 1 do PSdeG-PSOE).

De seguido cédelle a palabra ó Concelleiro Delegado de Persoal, Sr. García Cuervo, quen pasa a dar lectura da proposta da Alcaldía do seguinte contido literal:

“Asunto: Aprobación definitiva do Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu, correspondente ó exercizo 2016.

O Pleno da Corporación Municipal, mediante acorfdado adoptado en sesión ordinaria de data 02.05.2016, aprobou inicialmente o Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu, correspondentes ó exercizo 2016.

Mediante anuncio publicado no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 91 de 12 de maio de 2016, foi sometido a exposición pública o Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu, correspondentes ó exercizo 2016.

Polo que en atención á documentación contida neste expediente, en aplicación ó disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

Pola presente presento ó Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta:

- 1. Aprobar definitivamente o plantel e catálogo de persoal do concello de Bueu correspondente ó exercizo 2106.*
- 2. Ordenar a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.*

En Bueu, a 29 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo.: Félix Juncal Novas.”

De seguido, pola Presidencia ábrese a conseguinte quenda de intervencións:

• Sr. Villanueva González (SON):

Para explicarlle á xente que eu son así de raro, vou a votar en contra. Así como nos orzamentos abstíveme, neste tema vou votar en contra, porque segundo pasou na Comisión, e senón que o Sr. García Cuervo o confirme, o que é o Catálogo de Persoal ven obrigado polos técnicos municipais, incluso na Comisión foi votado por urxencia se non me



trabuco; e polas alegacións que se fixeron antes, hai que meter tamén o catálogo de persoal.

Eu nos orzamentos non me meto, cada quen cos seus cartos fai o que lle peta; pero, e síntoo porque se atopa presente a persoa que vou dicir. Eu votei en contra do Catálogo de Persoal na primeira aprobación, porque o Sr. Alcalde ten a potestade contratar unha persoa do seu gusto, outra cousa é que gañase a praza; el non vai contra esa persoa, senón simplemente é a maneira de pensar que ten; vai contra a forma de contratar a dedo e das portas corredizas que se traballan moito e se critica noutros tema.

Entón, nesta proposta do que é o Catálogo de Persoal, simplemente vai votar en contra porque no catálogo hai un posto de "designación expresa do Sr. Alcalde", non hai exame nin nada, e como eso non lle gusta, así como se abstuvo nos orzamentos, neste tama vai votar en contra.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Entende que non interesa entrar no debate; particularmente cree que non.

O debate interesalle a vostedes; pola parte da Alcaldía o que se tiña que dicir en relación con esa proposta ou decisión, quedou suficientemente xa debatida e recollida en acta, e cando menos a min non me interesa volver a reproducila.

VOTACIÓN E ACORDO:

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a aprobación a proposta anteriormente transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (dos Concelleiros presentes do BNG)
- Votos en contra: 2 (1 do representante de SON e outro do PSdG-PSOE)
- Abastencións: 3 (dos Concelleiros do PP)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda prestar aprobación á proposta transcrita nos seus propios termos, dispoñendo en consecuencia:

1. **Aprobar definitivamente o plantel e catálogo de pesoal do concello de Bueu correspondente ó exercizo 2106.**
2. **Ordenar a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.**

7. Moción do grupo municipal ACB-SON, relativa á EDAR do Concello de Bueu

Pola Alcaldía-Presidencia dase lectura ao dictáme emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente Urbano e Servizos, celebrada o pasado 28 de xuño último, en relación coa *moción porentada polo grupo municipal de ACB-SON, relativa á EDAR do Concello de Bueu (RE 4472/2016)*, dictaminando favorablemente a mesma, con 1 voto favorable do representante de ACE-SON e 5 abstencións, das cales 4 corresponden aos Concelleiros do BNG e 1 ao representante do PP.

A Presidencia cédelle a palabra o Concelleiro do grupo ACB-SON promotor da moción.

• **Sr. Villanueva González (SON):**



Trátase dunha moción que está ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa, como todas as do BNG, aínda que só co seu voto a favor; o ditáme é favorable, outra cousa é o que diga o Pleno.

De seguido procede á lectura da mesma, do seguinte contido literal:

“Moción do grupo municipal ACB-SON relativa á estación depuradora de augas residuais (EDAR) do Concello de Bueu, para o seu debate e aprobación si procede ao pleno da corporación.

Antecedentes de feito:

O día 15 de abril do 2016 este grupo municipal fixo unha serie de preguntas ó goberno municipal en relación o funcionamento da EDAR debido a unha resolución do Tribunal de Xustiza da UE na que se nomeaba o Concello de Bueu como uns dos causantes da deficiente xestión dos residuos fecais.

Con data 2 de maio de 2016 o grupo de goberno contesta as devanditas preguntas formuladas por este grupo. Nas que se pon en evidencia a pouca capacidade da EDAR para tratar as augas fecais e o seu mal funcionamento no proceso de depuración.

Por último o señor Alcalde con data 23 de maio de 2016 insta ao pleno a unha proposta de resolución de expediente sancionador R/582-15 á empresa encargada da EDAR propondo unha sanción de 6.010 euros por falta moi grave.

Con todo isto exposto queda máis que demostrado o mal funcionamento da EDAR de Bueu así como o seu control tanto por parte da concesionaria como do propio axuntamento.

Polo cal o grupo ACB-SON pide os seguintes acordos:

- 1. Mais control sobre a EDAR de Bueu con visitas periódicas a ela por parte dos técnicos do concello así como por asociacións ou colectivos de Bueu que o pidan.*
- 2. Instar a Aguas de Galiza a facer unha auditoría medioambiental de dita EDAR.*
- 3. Por a disposición a Xunta os terreos suficientes para unha futura ampliación da EDAR (xa que está demostrado que ten capacidade insuficiente).*
- 4. Máximo control e sancións á concesionaria en caso de incumprimento das súas funcións.*
- 5. A municipalización do servizo en caso de reiteradas infraccións por parte da concesionaria.*

En Bueu a 13 de maio de 2016

Asinado: Julio Villanueva González.”

Continúa súa intervención dando unha breve explicación do contido da Moción:

Espero que os 17 membros da Corporación sepan facer unha regra de tres simple e llana. Nos fixemos un grupo de preguntas, e daquela, como se fóramos parvos, me contestou o Concello de Bueu supoño que sería por datos de Aqualia.

Vou poñer somentes enriba da mesa dous datos que para min son fundamentais: unha das preguntas era sobre a capacidade da depuradora, sabendo que a EDAR está preparada para 17.000 habitantes... Contestándonos que a EDAR está deseñada para un caudal de medio de 5.112 m³/día (5 millóns de litros). No ano 2004, mais ou menos cando se puxo a funcionar, o caudal medio foi de 1.329. Actualmente no ano 2014 o caudal medio situouse en 6.909 m³/día.



Se está para 5.100 e che meten 6.900, algo ten que votar por fora, supoñemos; e no 2015 de 5.600 e pico.

Con todo isto fixemos outra pregunta a maiores, sobre o número de lodos que se sacaban no 2004 e cantos lodos se sacan agora. Entón aí ven a regra de tres: no 2015, 1.955 toneladas, con un volume de auga de 5.612 m³; no 2004 só se sacaban 775 toneladas de lodos, con un volume de 1.324 m³.

O problema é que se facemos unha regra de tres simple, no 2015 en vez das 1.955 toneladas de lodos, tíñanse que sacar se funcionase ben 3.284, case tres veces menos ou dúas e pico veces menos do que tiñan que sacar.

Por todo iso está máis que demostrada a nosa moción, esperando que o Pleno da Corporación inste á Aguas de Galicia que hai cartos de Europa dabondo para facer outra depuradora e sanear a Ría, esperando que o pleno entenda a nosa demanda e vote a favor.

Pola Alcaldía-Presidencia ábrese a oportuna quenda de intervencións.

• **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Se nos entendemos que esta moción non se pode votar por puntos, tendo que ser conxunta, a úneca pega que podemos ter a pesar de que ímos apoiala no seu conxunto, é que Augas de Galicia non ten competencia para facer unha auditoría, xa que a competencia exclusiva é a do Concello. Augas de Galicia no que ten competencia é no exercizo das funcións de inspección e control dos servizos, que é o que está a facer, pero unha auditoría é un termo diferente.

Nembargantes, anuncia o voto favorable do seu grupo.

• **Sr. Otero Pérez (BNG):**

A posición do BNG neste aspecto, é recoñecer que todo servizo é mellorable, indudablemente, pero rechazamos os conceptos de que está funcionando de xeito salvaxe, de xeito incontrolado, sen ningún seguimento.

O seguimento faixe de xeito periódico, constando os informes nos arquivos do Concello, podéndose consultar cifras, consultar datos... A auditoría do Concello que realizou no seu momento foi con ocasión dunha petición da concesionaria de subir as tarifas polo seu uso, e que, efectivamente, a auditoría conseguiu dar argumentos para paralizar ese incremento.

En canto a que os técnicos municipais poidan ir a controlar a EDAR, precíase un mínimo de formación, un mínimo de coñecemento e de datos para poder extraer conclusións e facer xuízos exactos e científicos dos datos aportados.

O Concello ten establecidos unha serie de controles e un seguimento dos parámetros da propia EDAR; e nun principio é un pouco sorprendente que apareza o Concello de Bueu nesa relación de municipios causante deste tipo de verquidos na Ría de Pontevedra, cando ata o ano 2004-2005 non viña aparecendo.

Consultouse a Medioambiente e aínda non responderon; sorprendente que non apareza Sanxenxo en dita relación cando non ten siquera EDAR.

Si me parece intesante, e así o manifestei na Comisión, o feito de que puidese acceder á EDAR Asociacións e Centros Escolares de Bueu, pero naturalmente nun senso de coñecemento do funcionamento, a finalidade dunha boa depuración, etc. Pero facer un control da EDAR non se pode facer.

Poñerémonos en contacto coa EDAR para que no próximo curso a este tipo de instalacións, non só da EDAR, senón tamén do Centro de Trasferencia do Lixo, poidan



acudir os Centros Escolares e Asociacións que o soliciten, para observar o procedemento, funcionamento, etc. etc., e facer as preguntas e enquisas que se precisen, En resúme, a postura do seu grupo vai ser en contra da moción.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Impos por partes Sr. Otero. Eres mestre e unha regra de tres é a cousa máis fácil que hai de facer, e sabes que matematicamente teño razón.

Non quero que a EDAR de Bueu sexa un Parque Temático, que se leven os miñiños para mirar como se depura. Si foxe perfecta oxalá se levasen ós nenos para dicirlles que miren como se depura, pero non é o caso da EDAR de Bueu.

Na relación numerada do expediente do Concello de Bueu fronte a Aqualia, obra informes da auditoría:

- Informe pericial de Lagares Oca (solicitado polo Axuntamento) de abril de 2014 sobre posibles incumprimentos da concesionaria Aqualia detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (decembro de 2013)
- Informe técnico de Lagares OCA de agosto de 2014, sobre contestación de Aqualia en relación cos incumprimentos detectados pola auditoría periódica...

Ou sexa, aquí todo mundo sabe que a Depuradora de Bueu vai a cachón para fóra e punto. Sábeno todo Dios, non hai ninguén no Pleno que no sepa; outra cousa e que voten en contra dunha responsabilidade que eu non lle pido ó Axuntamento de Bueu, posto que déronlle unha depuradora pequena, mal feita, e non a privatizou o actual goberno.

Estou a pedir: 1º que volva ó Concello de Bueu; 2º que hai cartos de Europa e da Xunta para facer outra, porque a Ría de Pontevedra está podre.

Portonovo ten unha EDAR en Dena e vota para a Ría de Arousa.

E o resto, pois mira, serán do que sexa; Europa non vai alí, como Poio, que queres que diga. Bueu sí sae no informe da Unión Europea de que estamos facéndolle mal á ría, e non pido outra cousa que por parte dun partido de esquerdas, un partido ecoloxista, como considero ós membros do grupo de goberno, faga un control sobre a concesionaria, non pido que o Concello poña diñeiro; instar a Augas de Galicia, esperando que dentro de 4 meses sexa dun partido distinto ó de agora, para que faga unha remodelación da depuradora de Bueu porque si tes capacidade para meter 5 nun coche non podes meter 8.

O que pido é responsabilidade neste tema, que se pidan as subvencións necesarias, facer unha auditoría de como se atopa, como no 2013; seguir a darlle caña á concesionaria, que sei que o estades a facer porque hai 25 expedientes e eu votei a favor dos 6.010 euros por falta moi grave.

Estades a dicir que a depuradora está ben e metédeslle no pleno anterior unha sanción de 6.010 por incumprimento? Está ben ou non está ben?

Eu por suposto vou votar a favor, e así se votou tamén na Comisión, aínda que aquí no pleno parece que non vai ser así.

• **Sr. Otero Pérez (BNG):**

Hai que ser un pouco rigurosos nos datos. Eu non dixen que a EDAR estivera ben, en ningún momento. Dixen que actualmente existe un control da mesma, e a proba está na cantidade de expedientes que se están tramitando.

Non escondemos a cabeza; estamos a seguir o seu funcionamento e ademáis existen auditorías periódicas con informes que obran nos arquivos do Concello que todo o mundo pode consultar e poden manexar con máis criterio científico.

Non estamos pola labor de crear unha visión de que isto sexa un desastre, a Ría contaminaa Bueu, etc. Sabemos que eso non funciona, estamos encima e a proba está na cantidade de expedientes abertos.



• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Dende o Partido Socialista entendemos que ten razón en todo canto reclama.

O que pasa que cando lin o punto 3º *“Por a disposición a Xunta os terreos suficientes para unha futura ampliación da EDAR”*, primeiramente quería saber como está o PXOM, e cando o examinei non vin que no plano se reservase un espazo para ampliación da EDAR. Poderáse expropiar.

Lo fun ó texto e pon *“definición das actuacións previstas polo Plan Xeral. Sistema de depuración. Atendendo o descrito anteriormente, non resulta necesario proceder á ampliación da capacidade de depuración da EDAR de Cabalo, cando menos no horizonte temporal do Plan”* que dende o 86 ata aquí deben ir 30 anos. Pois en 30 anos non debe facer falta facelo. Fala doutras cousas, pero da ampliación da depuradora non fala.

En canto á recuperación de servizos, se non están por recuperar a xestión tributaria, menos van a recuperar este servizo.

Por último anuncia o voto favorable do seu grupo.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Varias aclaracións e opinións tamén.

Sentabámonos os dous no mesmo lado no 2004, cando como Alcalde truxen aquí unha proposta preceptiva, porque había un escrito da concesionaria, naquel momento creo que era Seragua, para que se procedese á revisión ou actualización de tarifas. O único grupo que votou en contra foi o noso, non sei se lembrarás; tanto o Partido Socialista como o Partido Popular votaron a favor. Eso que vaia por diante.

Foi a única subida das tarifas dende o ano 2000, ano da privatización do servizo.

Dende o ano 2007 ó 2012, de forma insistente, a concesionaria ven solicitando actualización de tarifas, e sistemáticamente recibíu o non por resposta, eso para demostrar a actitude neste caso do goberno de firmeza e de contundencia cando requiren os asuntos.

Eso deu lugar a que se substanciase en sede xudicial a pertinente demanda ou recurso contencioso-administrativo que gañou afortunadamente este Concello e que, en caso de perde, suporía a revisión desas tarifas en torno a un 60%.

Esa é a actitude doun goberno de esquerdas, que sabe o que ten que facer en cada momento.

Pero si hai que ser máis riguroso se non se quere faltar á verdade nalgún momento. Logo cando se fala de que non hai auditorías, non é certo; hai algunhas propias e hai outras que realiza sistematicamente de forma periódica Aguas de Galicia; polo tanto, convido neste caso á Concelleira voceira do PP para que pase por Secretaría e facerse cos informes da auditoría de Augas de Galicia. Por certo, debe saber que existe unha Lei de Rías que obriga á Xunta de Galicia á xestión das EDARs, e así como fai noutros Concellos tamén podería facelo en Bueu.

Ó Concello de Bueu lle corresponden neste caso a xestión no pretatamento pero tamén no saneamento, pero a xestión das EDARs lle corresponde a Augas de Galicia, como fai en moitos outros Concellos; tamén podía facelo en Bueu porque ademais unha parte moi importante do recibo o cobra a modo de cánon a propia Xunta de Galicia; en que reinverte eses cartos, tampouco o sabemos, o mellor é para as auditorías das que estamos a falar, pero o que dí a lexislación en materia de augas, é o que estou a comentar.

Esto nace porque alá polo ano 2003-2004 e sen saber o porqué, a unha primeira proposta do que foi a zonificación na Ría de Pontevedra dos Concellos presuntamente responsables de verquidos que continaban a Ría, inicialmente no grupo formado por Marín e Pontevedra, tamén incluían a Poio; non se sabe por qué, e o Concello de Bueu ten enviado recentemente escritos tanto ó Ministerio como a Augas de Galicia, se incorporara a ese grupo, que pasa a ser formado por 4 Concellos, o Concello de Bueu. Aquí non consta motivación, non habendo oportunidade de presentar ningún tipo de alegación; imos pedir documentación, pero



inicialmente nos dixeron que non había nada; non superon dar explicacións. Espero que a teremos dentro de poucos días ou nunhas semanas; en todo caso terán cumprido coñecemento da mesma.

Nese momento se lle incoa ó estado español un expediente que remata cunha sentenza recente condenando ó estado español, pero non o condenan porque existan verquidos a día de hoxe, o condenan porque no seu momento o estado español coñecedor destes problemas de seneamento, non vai adoptando as medidas que están loxicamente derivadas á propia Comunidade Autónoma, necesarias neste caso para mellorar o saneamento das Rías, e o estado español comprométese, non recordo o ano, pero debeu ser no 2014-2015, a implementar as medidas necesarias neste caso para eliminar ese problema, e non o cumpre, e a sanción ben por aí; non está sancionando neste caso a Comunidade Europea a ningún Concello, nin ó de Bueu nin a ningún outro.

A día hoxe o control sobre a empresa concesionaria é infinitivamente mellor que antes do 2007, porque os expedientes son a culminación dun traballo que empeza posiblemente aló polo ano 2009-2010, onde xá se require á empresa un montón de documentación que nunca presentaron.

En canto se verifica un incumprimento por parte da empresa, abrimos un expediente e chegamos a sancionar en vía administrativa, non é garante de que en vía xurisdiccional non nos tumben, como así pasou ata agora. Dos 4 graves, perdemos 3 e gañamos 1; e agora veremos que pasa con este moi grave.

Esa é realidade do traballo deste goberno dende fai moitos anos.

Si este goberno decide loxicamente non votar a favor, non é porque non esté a favor, é simplemente porque nos parece que unha moción que o único que ven a falar é do traballo que se ven realizando dende fai varios anos, despois das respostas que lle deu no pasado pleno, nos parece un sen sentido, porque esta falando de cousas nas que o goberno municipal ven traballando dende fai moitos anos, como lle acabo de indicar; por tanto, non o entendemos, salvo que sexa unha moción de carácter político, e, polo tanto, si vostede presenta unha moción de carácter político, o goberno municipal loxicamente ten tamén a posibilidade de dar unha resposta política.

Por último, se estamos a falar de caudais e de regras de tres, voulle facer unha pequena suxerencia: revise tamén a porcentaxe de caudal neste caso que existe de augas pluviais e fluviais na totalidade do caudal que non vai incrementándose exponencialmente; polo tanto esa regra de tres fracasa.

De todas formas hai unha resposta oficial de Augas de Galicia sobre o dimensionamento que se fai tamén da propia EDAR onde efectivamente di que está dimensionada para 17.046 habitantes. A poboación de Bueu son 12.400 persoas.

Polo tanto, a día de hoxe, non existen razóns de carácter técnico que aconsellen unha ampliación da EDAR. Poñer os terreos a disposición de algo que non é necesario a día de hoxe, loxicamente non se vai facer, porque ademáis se como vostede expuso, haberá un cambio de goberno dentro duns meses, esperemos que poidamos entablar conversas co novo goberno para que sexan eles os que amplíen e xestionen tamén a depuradora na súa totalidade, algo que se fai nuns concellos e noutros non.

• **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Quere que quede constancia de si é certo ou non que a día de hoxe a titularidade da EDAR é do Concello de Bueu, e senón pregunto qué trámites se fixeron para cambiar ese estado.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Da titularidade da EDAR creo que nunca se falou ata agora; a titularidade é municipal. En varias ocasións se lle plantexou ó responsable de Aguas de Galicia por parte da Alcaldía que levaran a cabo eles a xestión das EDARs respostando que non estaban en condicións de



asumir a xestión de máis instalacións das que están nestes intres realizando; esa foi a resposta por parte do responsable de Augas de Galicia.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Imos ver: O 2 de maio de 2016, facemos unha pregunta: *Sabendo que é una EDAR preparada para 17.000 habitantes, ¿cónstalle o axuntamento o número de usuarios que a utilizan e o incremento no verán de usuarios?*

Contestación, supoño que por parte da EDAR, aínda que ma dou o Alcalde de Bueu: Con respecto á pregunta, a EDAR está deseñada para un caudal medio de 5.112 m³/día. No ano 2004 o caudal medio foi de 1.329,37 m³/día. Actualmente, no ano 2014 o caudal medio sitúase en 6.909,73 m³/día. Se me falaran de habitantes podía non ser tan idiota, pero si unha EDAR está feita para 5.112 m³/día, do que resulta que nun m³ non se poden meter 3.

Polo que se refire a que Seragua está mellor que noutros anos... acabo de ler o informe que se fixo para darlle caña; agora ben, non sei porque sempre zafa; de 4 sancións zafou 3.

E a última que se lle meteu no Pleno anterior, viña do 2013, estaos a 2106; trasapeláronse os papeis, pero foi sair en prensa dicindo algo da EDAR e de repente do 2013 reábrese o expediente e méteselle unha multa de 6.060 €.

O que pido é o máis sinxelo do mundo: máis control sobre a EDAR; instar a Augas de Galicia ao que está a facer habitualmente, facer unha auditoría medioambiental, e poñer a disposición da Xunta os terreos, sexa aí ou noutro sitio, porque igual a zona de Cela que está a metade sen saneamento precisa unha EDAR noutro sitio e dispor de dúas en Bueu.

Tamén unha teoría dalgún ecoloxista as EDAR de 2.000-3.000 pèrsoas son mellores que as de 15.000-20.000.

Máximo control sobre elas, xa o estades a facer.

Se vos parece mal que se volva a municipalizar o control de augas, pois ó mellor ten razón o PSOE, se non recuperamos o control da xestión dos cartos, esto aínda menos.

Por último somentes pido votar en conciencia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a aprobación a moción presentada polo grupo municipal de SON anteriormente transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (dos Concelleiros dos grupos SON (1), PSdeG-PSOE (1) e 3 do PP)
- Votos en contra: 11 (dos Concelleiros presentes do grupo municipal do BNG)
- Abastencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal de ACB-SON.

8. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervencción Municipal dende a derradeira sesión ordinaria

Pola presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do Concello de Bueu dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
362	31/05/16	Levantamento reparo e orde pagamento axuda economía A.C. de Meiro
381	07/06/16	Levantamento reparo, recoñecemento obrigas e orde pagamento relación facturas 11/16, por unha contía global de 70.828,52 €
392	13/06/16	Levantamento reparo, recoñecemento obrigas e orde pagamento relación facturas 09/16, por unha contía global de 69.146,01 €
393	13/06/16	Levantamento reparo, recoñecemento obrigas e orde pagamento relación facturas 10/16, por unha contía global de 48.245,24 €
445	23/06/16	Levantamento reparo, recoñecemento obrigas e orde pagamento relación facturas 12/16, por unha contía global de 133.931,15 €



9. Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
355	03/06/16	Convocatoria Xunta Goberno 06/06/16
356	30/05/16	Incoación expte. reclamación responsabilidade patrimonial a instancia de Jessica Barreiro Barreiro, por danos físicos
357	25/05/16	Incoación expte. reclamación responsabilidade patrimonial a instancia de Pilar Pouseu Escáneo, por danos físicos
358	02/06/16	Incoación expte. reclamación responsabilidade patrimonial a instancia de Ana Outón Novas, por danos en vehículo
359	02/06/16	Incoación expte. reclamación responsabilidade patrimonial a instancia de Mª Dolores Romero Iglesias, danos en vehículo
360	30/05/16	Orde suspensión obras excavación na Gándara, promotor Francisco Villanueva Álvarez (expte. 04/16)
361	03/06/16	Reformulación solicitudes clubs deportivos, modificando o importe de gato a xustificar
362	31/05/16	(con levantamento de reparo)
363	30/05/16	Orde pagamento cota maio máquina limpa praias
364	26/05/16	Aceptación renuncia Luz Cerviño Juncal, lienza demolición na Ramorta
365	26/05/16	Orde suspensión obras muro contención, promotor José Estévez Martínez
366	02/06/16	Contratación temporal 6 Auxiliares Policía Local
367	02/06/16	Solicitude subvención para actividades dirixidas á xuventudel para morición da información xuvenil
368	01/06/16	Devolución ICIO e fianzas derivadas do desestimento de expte. de obra maior, promovida por Luz Cerviño Juncal
369	03/06/16	Ampliación przo solicitude postos Mercado Ecolóxico e Artesanal
370	31/05/16	Aprobación listado provisional expositores Mercado Ecolóxico e Artesanal
371	31/05/16	Autorización celebración voda civil a Celsa Inmaculada Diéguez García
372	03/06/16	Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes de febreiro
373	03/06/16	Resolución reclamacións fiscais 10/16
374	03/06/16	Resolución reclamacións fiscais 11/16
375	02/06/16	Aprobación liquidacións taxas Servizo Axuda no Fogar e Dependencia, mes abril
376	02/06/16	Aprobación gasto e orde pagamento anuncio BOP bases proceso selectivo administrativo secretaria
377	07/06/16	Contratación temporal 3 Auxiliares Policía Local
378	08/06/16	Modificación calendario do contribuínte
379	08/06/16	Aprobación Padróns IBI Rústica e Urbana 2016
380	07/06/16	Delegación presidencia voda civil 11/06/16, no Concelleiro Manuel Otero Pérez
381	07/06/16	(con levantamento de reparo)
382	01/06/16	Remate relación laboral con Fco. Javier nogueira Rial e 4 máis, como peóns limpeza
383	25/05/16	Aceptación rmuncia contrato laboral Eugenia Mileti Rodríguez
384	09/06/16	Adxudicación obra "Ampliación rede saneamento entre Castrelo e Pousada"
385	13/06/16	Adhesión á Plataforma de Contratación do Sector Público dependente do Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas
386	14/09/16	Requirimento previo adxudicación servizo Atención ó Público Realización actividades Turísticas Auta Natureza e Centro Int. Agrelo
387	31/05/16	Aprobación gasto Seguridade Social mes de abril
388	07/06/16	Desestimento expte. comunicación previa reparación fachada Cmdade. Propiet. edificio Montemogos 154
389	06/06/17	Desestimento expte. solicitude licenza obra e actividade Multiservicios Contucho, naves en Castiñeiras
390	04/06/16	Remate relación laboral Víctor M. Blanco Estévez e Antonio Abeledo Iglesias, como peóns limpeza viaria
391	09/06/16	Autorización celebración voda civil a José Luis Buceta Pérez
392	13/06/16	(con levantamento de reparo)
393	13/06/16	(con levantamento de reparo)
394	09/06/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 70.828,52 €
395	14/06/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 69.146,01 €
396	23/10/14	Recoñecemento complemento persoal transitorio por por da entrada en vigor Convenio Colectivo Prsoal ao servizo do Concello
397	09/06/16	Incoación expte. reclamación responsabilidade patrimonial Ángela Novas Torres, por danos vehículo
398	10/06/16	Contatación de Marta A. Rodríguez Martínez e 5 máis como peóns limpeza
399	14/06/16	Troco horario e lugar celebración voda civil, Bianca López Riobó
400	14/06/16	Contratación 3 Auxiliares Policía Local
401	10/06/16	Contratación laboral 2 patróns e 3 socorristas praias
402	15/06/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local R. Cable Telecomunicaciones, agosto/15-maio/16
403	15/06/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 48.245,24 €
404	13/06/16	Autorización ocupacion subsolo público en P. Fontenla, Fco. Escáneo e M. Ríos, a Unión Fenosa Distribución
405	30/05/16	Incoación procedemento contrato menor servizo Programa Verán de Xogos 2016
406	20/06/16	Aprobación liquidación cota amortización e xuros operación crédito a longo prazo co Banco Sabadell
407	17/06/16	Aprobación bases creación bolsa contratación socorristas praias
408	15/06/16	Aprobación gastos e orde pagamento ó Consorcio Galego de Igualdade e Benetgar, Programa Xantar na Casa
409	16/06/16	Aprobación gasto e orde pagamento gastos compartidos local Policía Local e ISM
410	16/06/16	Aprobación liquidacións taxa ocupación vía pública con mesas e cadeiras, meses febreiro e marzo
411	17/06/16	Solicitude subv. ó Instituto Enerxético de Galicia, para creación, mellora e ampliación. pequenas infraestruturas para aforro enerxético
412	14/06/16	Inicio procedemento abreviado reclamación Responsab. Patrimonial formulada por Mª Dolores Romero Iglesias, danos vehículo
413	16/06/16	Desestimación solicitude devolución taxas licenza Urbanística formulada por Multiservicios Contucho



414	15/06/16	Resolución reclamacións fiscais 414/16
415	16/06/16	Convocatoria Xunta Goberno Local 20/06/16
416	06/06/16	Autorización celebración voda civil a José Ramón Paz Iglesias
417	20/06/16	Incoación procedemento contrfato menor obra "Rehabilitación firme camiño de Sanamedio"
418	20/06/16	Aprobación expte. modificación créditos 13/16, incorporación remanentes 05/16
419	20/06/16	Aprobación gastos e orde pagamento anuncio DOG proceso selectivo praza administrativo
420	13/06/16	Aprobación expte. modificación créditos 12/16, transferencia 04/16, por unha contia de 6.225,84 €
421	14/06/16	Devolución fianza a Iván Vidal Piñeiro, obrigas construción vivenda na Barraca
422	10/06/16	Desistimento expte. comunicación previa apertura Casa Vacacional en Montemogos, Adelaida Portela Martínez
423	13/06/16	Devolución fianzas a Francisco Verde Loveira e Sara López Gutiérrez, obrigas construción vivenda nas Castiñáns
424	17/06/16	Autorización celebración festas San Antonio, en Meiro, días 18 e 19/06
425	21/06/16	Delegación presidencia acto voda civil día 09/07/16, na Concelleira Sra. Carballo González
426	20/06/16	Aprobación Plan Seguridade e Saúde obra "Ampliación rede municipal de Saneamento entre Castrelo e Pousada
427	21/06/16	Autorización fogueiras de San Xoán e San Pedro
428	29/06/16	Autorización celebración Festa do Tinta Femia, días 1-2-3/07
429	22/06/16	Autorización fogueiras de san Xoán e San Pedro
430	15/06/16	Autorización ocupación dominio público local Gas Galicia, no P.E. de Castiñeiras
431	15/06/16	Autorización ocupación dominio público local Gas Galicia, na Avda. da Barca
432	16/06/16	Devolución fianza a Miguel López-Bachiller Fernández e outra, obrigas construción vivenda no Beloso
433	21/06/16	Devolución fianza a Comunidade Augas "A Rosada", obras reposición firmes en Meiro
434	09/06/16	Listado definitivo expositores Mercado Ecolóxico e Artesanal
435	22/06/16	Aprobación padrón Abastecemento Auga, Saneamento e Depuración, 2º T/16
436	22/06/16	Devolución taxas participación no Mercadiño Ecolóxico e Artesanal
437	23/06/16	Aproabción liquidación cota trimestral amortización e xuros operación crédito La Caixa
438	23/06/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación crédito BCLE
439	23/06/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación crédito BCLE
440	23/06/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación crédito BBVA
441	23/06/16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación crédito BBVA
442	27/06/16	Resolución reclamacións fiscais 14/16
443	27/06/16	Troco data celebración voda civil Cristina Sequeiros Bermúdez
444	27/06/16	Nomeamento de Jacobo Vecino Reimundo, como Secretario Tribunal proceso selectivo Educadores Sociais
445	23/06/16	(con levantamento de reparo)
446	28/06/16	Resolución reclamacións fiscais 15/16
447	28/06/16	Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes de maio
448	29/06/16	Convocatoria Xunta Goberno 30/06/16
449	21/06/16	Resolución reclamacións fiscais 13/16
450	29/06/16	Convocatoria Pleno 04/07/16

• FÓRA DA ORDE DO DÍA.

+ 1. PROPOSTA CONXUNTA AO PLENO DO CONCELLO DE BUEU DE EMENDA PARA FACER OBRIGATORIA A INSCRICIÓN DE PROCEDEMENTOS XUDICIAIS DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E PARA PROTEXER AOS ADQUIRENTES REXISTRAIS DE BOA FE.

O Sr. Alcalde da conta da existencia dunha proposta conxunta de tódolos grupos municipais, para facer obrigatoria a inscrición de procedementos xudiciais de restauración da legalidade urbanística e para protexer aos adquirentes rexistrais de boa fe; xustificando que require a declaración de urxencia para ser tratada en pleno, por canto trátase dun asunto que non foi ditaminado en Comisión Informativa.

VOTACIÓN DA URXENCIA:

O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade dos seus membros presentes (11 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON), incluír o presente asunto na orde o día da convocatoria, para o seu tratamento e resolución.

De seguido, pola presidencia dase lectura á proposta formulada conxuntamente por tódolos grupos municipais do Concello de Bueu, de data 04.07.16, do seguinte contido literal:



“PROPOSTA CONXUNTA AO PLENO DO CONCELLO DE BUEU DE EMENDA PARA FACER OBRIGATORIA A INSCRICIÓN DE PROCEDIMENTOS XUDICIAIS DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E PARA PROTEXER AOS ADQUIRENTES REXISTRAIS DE BOA FE

Á vista dun escrito presentado pola Asociación Galega de Defensa Urbanística dos Terceiros de Boa Fe (AGADE) o 15 de xuño de 2016, con número de rexistro 4544, os voceiros/as dos grupos desta Corporación do Concello de Bueu acordaron na Xunta de Voceiros do pasado 30 de xuño de 2016, adoptar unha moción conxunta para incorporar esta proposta ao pleno do día de hoxe, 4 de xullo de 2016, e debater e asumir os seus acordos:

SUXESTIÓN DE CAMBIO DO ART. 65 DO RDL 7/2015 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO SOLO E REHABILITACIÓN URBANA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai cidadáns que compraron unha vivenda confiando no que di o Rexistro da Propiedade e que posteriormente se ven ameazados por unha sentenza de derriba, da que non sabían nada, porque ninguén a anotou no Rexistro.

Estamos convencidos de que hai que dar seguridade xurídica aos que fan o maior investimento da súa vida, a compra do seu fogar, confiando no que di o Rexistro da Propiedade.

Durante o boom urbanístico concedéronse unha multitude de licenzas para a construción de vivendas que foron vendidas a terceiros de boa fe de que se fiaron da aparencia da legalidade mostrada polo Rexistro da propiedade e agora corren o risco de ver a súa vivenda demolida sen que estes teñan culpa algunha. Existen miles, senón decenas de miles de cidadáns afectados por esta problemática; moitos deles en Andalucía e Cantabria, pero tamén en Galicia, Asturias e na práctica totalidade do territorio español. Iso afecta negativamente non só ao cidadán do montón, senón tamén ao investidor estranxeiro e, polo tanto, á imaxe de España, dado que se percibe que existe unha grande inseguridade xurídica neste campo.

Consideramos que o Rexistro da Propiedade deberá reflectir a situación xurídica verídica dun inmovible en todos os aspectos fundamentais que poderían afectar á titularidade e uso do mesmo. De feito, aínda que tradicionalmente o Rexistro da propiedade limitábase a dar publicidade a dereitos de natureza real, a tendencia moderna é que o Rexistro reflecta dalgunha forma a natureza estatutaria da propiedade, incluíndo, polo tanto, aspectos construtivos e urbanísticos. Tras algúns cambios recentemente aprobados faise obrigatorio que se notifique ao Rexistro certa información ambiental e urbanística, así como a existencia de expedientes administrativos encamiñados á restauración da legalidade urbanística.

O que aínda non é obxecto de inscrición obrigatoria é a incoación dun procedemento contencioso-administrativo encamiñado á demolición do inmovible, nin a resolución do procedemento contencioso-administrativo, o cal crea unha evidente lagoa prexudicial para terceiros de boa fe, afectando negativamente ao principio da confianza lexítima do administrado na Administración.

En resumidas contas, actualmente un procedemento xudicial encamiñado á destrución dunha vivenda non ten que ser inscrito no Rexistro da Propiedade, aínda que esa non inscrición afecte a un inocente comprador de boa fe, fiándose do Rexistro, paga o seu diñeiro por unha vivenda que vai ser demolida.

Por iso consideramos que se debe dar solución a estes problemas que afectan tan negativamente a moitos cidadáns, non só a nivel económico senón tamén a nivel moral, afectando, así mesmo á sociedade e á economía. Desta forma consideramos importante que se estenda a obrigatoriedade da inscrición no Rexistro da Propiedade de procedementos contencioso-administrativo, estendéndose igualmente a fehaciencia do Rexistro.



Con estes cambios reduciríase a posibilidade da existencia de terceiros de boa fe aos que hai que indemnizar previamente á demolición das súas vivendas tal e como se dispuxo nos recentes cambios lexislativos (art. 319.3 do Código Penal e art. 108.3 da Lei Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativo). Igualmente, facilitaríase o tráfico xurídico inmobiliario, o investimento estranxeiro, e daríalle tranquilidade a moitos futuros compradores.

ADHESIÓN DOS PARTIDOS POLÍTICOS, AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS

Consideramos que estas cuestións son de xustiza básica universal, de sentido común e de benestar social, e por iso pedimos, e confiamos, que as propostas que incluímos aquí contén co apoio de todos os grupos políticos e da sociedade no seu conxunto.

De feito, os principios que mencionamos xa tiveron algunha aceptación por parte do PSOE dado que este, no seu programa electoral das últimas eleccións xerais de 2015, asumiu impulsas a modificación lexislativa da Lei Hipotecaria para finalizar coas situacións de indefensión da cidadanía, incluído nos casos de anulación de licenzas urbanísticas de adquirentes de boa fe, así como que o Rexistro da Propiedade reflecta a verídica situación xurídica dun inmovible en todos os aspectos fundamentais que poderían afectar á titularidade e ao uso do mesmo.

Proseguimos a detallar o cambio que propoñemos ao art. 65 do RDL 7/2015 do Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana para paliar a problemática mencionada, para dar un paso importante na consecución dos cambios lexislativos necesarios e paliar a problemática existente.

A REDACCIÓN ACTUAL DO ARTIGO 65

O artigo 65 RDL do Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, actualmente dispón:

Artigo 65. Actos inscribíbles

1. Serán inscribíbles no Rexistro da Propiedade:

.....

c) A incoación de expediente sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou daqueles que teñan por obxecto o conxtrinximento administrativo para garantir tanto o cumprimento das sancións como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida.

.....

f) A interposición de recurso contencioso-administrativo que pretenda a anulación de instrumentos de ordenación urbanística, de execución ou de actos administrativos de intervención.

g) Os actos administrativos e as sentenzas, en ambos casos firmes, en que se declare a anulación a que se refire a letra anterior, cando se concreten en predios determinados e participase o seu titular no procedemento.

2. En todo caso, na incoación de expedientes de disciplina urbanística que afecten actuacións por virtude das cales se leve a cabo a creación de novos predios rexistrados por vía de parcelamento, reparcelamento en calquera das súas modalidades, declaración de obra nova ou constitución de réxime de propiedade horizontal, a Administración estará obrigada a acordar a práctica no Rexistro da Propiedade da anotación preventiva a que se refire o artigo 67.2.

A EMENDA PROPOSTA

Consideramos necesario engadir un novo apartado 4 ao artigo 65 (remunerando o antigo apartado 3), que dispoñan:



3. *Así mesmo, a interposición de recurso contencioso-administrativo que pretenda a anulación á que se refire o apartado 1.f), ou que pretenda a restauración da legalidade urbanística á que se refire o apartado 1.c) que anteceden, así como as consecuentes sentenzas firmes, deberán comunicarse ao titular da finca rexistral afectada, e así mesmo a Administración ou persoa actuante deberá solicitar a práctica no Rexistro da Propiedade do asento pertinente dos que se refire o artigo 67.*
4. *Os terceiros adquirentes de boa fe que inscriban o seu dereito con anterioridade a anotación da interposición do recurso contencioso-administrativo que pretenda a anulación á que se refire o apartado 1.f) ou pretenda a restauración da legalidade urbanística á que se refire o apartado 1.c) que anteceden, quedarán protexidos pola fe pública rexistral do artigo 34 da Lei Hipotecaria, sen que caiba a subrogación urbanística do artigo 27.1 que antecede, nin sequera para o caso dunha eventual sentenza de anulación de licenza.*

Bueu, a 4 de xullo de 2016

Os voceiros/as da Corporación de Bueu:

Carlos Eirea Eiras (BNG)

Julio Villanueva González (ACB-SON)

José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)

Berta Pérez Hernández (PP)''

Remata dicindo que o que se pretende e que, así como pasa cos procedementos en vía administrativa, tamén en vía xurisdiccional, unha vez presentado o recurso contencioso-administrativo, que haxa unha anotación preventiva, unha inscrición no Rexistro da Propiedade que ampare neste caso ós propietarios de boa fé.

O noso grupo, tal e como nanifestou na xusta de voceiros, vai apoiar esta petición que se nos traslada por parte da Asociación Galega de Defensa Urbanística dos Terceiros de Boa Fe (AGADE).

De seguido, a Presidencia abre o capítulo de intervencións.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE)**

Anuncia o voto favorable do seu grupo.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

O grupo municipal SON vai apoiar completamente a proposta; a verdade é que non se entende moi ben, porque podía haber incluso xente que con boa fe faga mala fe, pero bueno... imos aprobala, incluso gustaríanos que a lei foxe máis dura sobre pos infractores.

Así como existe un seguro decenal para protexer as posibles deficiencias nas construcións, gustaríanos que o Estado obrigase tamén a un seguro para estas historias, logo xa se encargaría a aseguradora de que o que comprase foxe complementamente legal e que non houberse ningunha persoa de mala fe vendéndoche unha propiedade que en realidade case non era del.

• **Sra. Pérez Hernández (PP):**

Anuncia o apoio do seu grupo.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**



Á vista do escrito da Asociación, non fai referencia máis que a que quede coma unha declaración de apoio; entendendo que debería remitirse o acordo á Xunta de Galicia, porque afecta a Lei o Solo, pero supoño que tamén hai que dirixilo ó goberno central. Logo no acordo incorporamos que o mesmo se traslade tanto ó goberno central coma ó goberno da Xunta de Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a aprobación a proposta conxunta dos grupos municipais anteriormente transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (de todos os Concelleiros presentes, 11 do BNG, 3 do PP., 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON).
- Votos en contra: 0
- Abastencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros da Corporación, acorda prestar aprobación a proposta transcrita nos seus termos, co engadido proposto pola Alcaldía-Presidencia, dispoñendo ineteresar en consecuencia:

- Que se engada un novo apartado 4 ao artigo 65 (remunerando o antigo apartado 3), que dispoñan:
 - 3. Así mesmo, a interposición de recurso contencioso-administrativo que pretenda a anulación á que se refire o apartado 1.f), ou que pretenda a restauración da legalidade urbanística á que se refire o apartado 1.c) que anteceden, así como as consecuentes sentenzas firmes, deberán comunicarse ao titular da finca rexistral afectada, e así mesmo a Administración ou persoa actuante deberá solicitar a práctica no Rexistro da Propiedade do asento pertinente dos que se refire o artigo 67.
 - 4. Os terceiros adquirentes de boa fe que inscriban o seu dereito con anterioridade a anotación da interposición do recurso contencioso-administrativo que pretenda a anulación á que se refire o apartado 1.f) ou pretenda a restauración da legalidade urbanística á que se refire o apartado 1.c) que anteceden, quedarán protexidos pola fe pública rexistral do artigo 34 da Lei Hipotecaria, sen que caiba a subrogación urbanística do artigo 27.1 que antecede, nin sequera para o caso dunha eventual sentenza de anulación de licenza.
- Remitir o presente acordo tanto ó goberno central como o goberno da Xunta de Galicia.

+ 2.PROPOSTA CONXUNTA DE APOIO Á CAMPAÑA “POR UN 2016 SEN BLOQUEO A CUBA”

O Sr. Alcalde da conta da existencia dunha proposta conxunta de tódolos grupos municipais, de apoio á campaña “Por un 2016 sen bloque a Cuba”; xustificando que require a declaración de urxencia para ser tratada en pleno, por canto trátase dun asunto que non foi ditaminado en Comisión Informativa.

VOTACIÓN DA URXENCIA:

O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade dos seus membros presentes (11 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON), incluír o presente asunto na orde o día da convocatoria, para o seu tratamento e resolución.



De seguido, pola presidencia dase lectura á proposta formulada conxuntamente por tódolos grupos municipais do Concello de Bueu, de data 04.07,16, do seguinte contido literal:

“PROPOSTA CONXUNTA DE APOIO Á CAMPAÑA ‘POR UN 2016 SEN BLOQUEO A CUBA’

Á vista dunha petición presentada pola Asociación Haydée Santamaría, no nome de Lois Pérez Leira, coordinador da Campaña “Por un 2016 sen Bloqueo a Cuba”, na que se solicitaba levar ao pleno deste concello unha campaña que xa fora aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, os voceiros/as dos grupos municipais do BNG, PP, PSOE, e ACB-SON acordamos apoiar a proposta de resolución que deseguido se relaciona:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Bueu celebra a reanudación das relacións diplomáticas entre Estados Unidos de América e a República de Cuba.

A última resolución deste ano, a 69/5 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada “Necesidade de pór fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba” concluíu con 191 países a favor da resolución, e dous en contra: Estados Unidos e Israel, sen ningunha abstención.

Esta é unha expresión contundente de que todos os gobernos e pobos do mundo lle solicitan que se levante o inhumano embargo a este país e ao mesmo tempo se inicie o diálogo para a devolución da base militar de Guantánamo ao pobo de Cuba.

Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de EEUU de América a Cuba deixan espazo para a esperanza no camiño de conseguir un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexa a relación entre os pobos.

Bueu, a 4 de xullo de 2016

Os voceiros/as da Corporación de Bueu:

Carlos Eirea Eiras (BNG)

Julio Villanueva González (ACB-SON)

José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)

Berta Pérez Hernández (PP).”

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, aínda que aquí non figura, pero sí no documento que pasou o Concelleiro, que hai un pronunciamento unánime tamén do Parlamento de Galicia; polo tanto, o Concello de Bueu súmase e elevamos esta proposta ó plenario para o seu pronunciamento ó respecto.

De seguido abre a pertinente quenda de intervencións, anunciando que o seu grupo do BNG loxicamente votará a favor desta proposta.

• Sra. Pérez Hernández (PP):

Sinala que xa votou si no Parlamento e, por tanto, votará tamén si agora.

VOTACIÓN E ACORDO:

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a aprobación a proposta conxunta dos grupos municipais anteriormente transcrita, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (de todos os Concelleiros presentes, 11 do BNG, 3 do PP., 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON.
- Votos en contra: 0
- Abastencións: 0



En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros da Corporación, acorda prestar aprobación a proposta transcrita nos seus propos termos, dispoñendo en consecuencia:

- O Concello de Bueu celebra a reanudación das relacións diplomáticas entre Estados Unidos de América e a República de Cuba.
- A última resolución deste ano, a 69/5 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada “Necesidade de pór fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba” concluíu con 191 países a favor da resolución, e dous en contra: Estados Unidos e Israel, sen ningunha abstención.
- Esta é unha expresión contundente de que todos os gobernos e pobos do mundo lle solicitan que se levante o inhumano embargo a este país e ao mesmo tempo se inicie o diálogo para a devolución da base militar de Guantánamo ao pobo de Cuba.
- Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de EEUU de América a Cuba deixan espazo para a esperanza no camiño de conseguir un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexa a relación entre os pobos.

10. Rogos e preguntas

A Presidencia sinala que non consta que se haxa presentado por escrito algún rogo ou pregunta, abrindo unha quenda de intervencións neste senso:

◆ Sr. Santos Pires (PP):

Pide información sobre as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación coa rasante onde se atopa a Gardería (urbanización das Lagoas):

• Sr. Villanueva Pastoriza (BNG):

Cando se realizaron as obra de urbanización, en cumprimento das rasantes que viñan no proxecto de urbanización, ó executalas, en relación ó edificio existente, sinalábanse unha serie de escalóns que se tomou a decisión de solucionarlos en obra.

Recibíronse as obras de urbanización con esas modificacións para axustar neste caso a rasante á realidade existente.

Os propietarios do local nese baixo recurren a recepción das obras e o Xulgado dalles a razón. Nestes intres estamos levando a cabo unha serie de actuacións administrativas para cumprir-la sentenza.

• Sr. Santos Pires:

O día 20 de xullo estarán feitas?

• Sr. Villanueva Pastoriza

Penso que non.

• Sr. Santos Pires:

Pois como non sexa así, o Alcalde terá que facer fronte á conseguinte multa.

◆ Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

1. En relación con punto tratado neste pleno, sinalar que reclamará sempre que pague 60 € porque creo que o grupo de goberno ou o Concelleiro de Facenda deixa de facer o seu traballo, como así dixen sempre; teñen privatizado o servizo de recadación municipal, a empresa ten que traer anualmente o padrón con tódalas alteracións e non



fai o seu traballo. Sí puxo xente a patear para cobrar o recibo, pero non para facer o traballo, tratándose dunha cuestión que ten que reclamarlle o Concello.

2. Por outra banda manifesta que non dixo que os cartos recadados se ían invertir na carpintería de ribeira. Dixo que non estaba de acordo que os cartos da Deputación foxen integramente para dita actuación, porque ata agora a Deputación facía a inversión onde eles querían, e neste caso acordou facultar ó Concello para invertir onde queiran, sen falar con naide.

....

3. Cuestiona quen decide as inversións do PPC.
4. Veño observando que cada vez que temos a última Comisión, os mércores ás 2 da tarde, veñen coa convocatoria do Pleno, entendendo que non é lóxico, porque si quero mirar ese pleno non hai tempo para elo.
Concretamente o día seguinte quixen mirar que era o que había falado nas Comisións do martes, para saber as posturas dos diferentes grupos, e non puiden miralo; ven só o ditáme ou a votación, non as intervencións.
5. Días pasados entrei na páxina web do Concello por un tema de urbanismo, (pregunta quen a xestiona, contestándolle o Sr. Alcalde que supón que a Xefa de Negociado de Intervención), e o apartado dos plenos parece a folla parroquial do BNG, non aparecendo ningunha intervención, boa ou mala, dos grupos da oposición; todo é o Concelleiro aproba, o Concellal dí... ata nas propostas que levamos os da oposición non sae nin o que dicimos, nin o que propoñemos nin nada. Pide se tomen medidas e salgan as intervencións reflectidas nalgunha parte.
6. Pregunta como está o tema da fonte de Meiro, en que fase está, o que se via facer por parte do Concello para que se arranxe, etc...

- **Sr. García Cuervo (BNG):**

Con respecto a que o Concelleiro de Facenda tiña que facer o seu traballo e tratar de devolver eses 60 €. Este Concelleiro, que quede claro, non vai a malversar fondos públicos.

- **Sr. Vilas Pastoriza:**

Que faga o seu traballo e llos reclame á concesionaria.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Cando se refire ás actas das Comisións Informativas, as aclaracións deberá facelas directamente nese órgano.

En canto ás actas dos plenarios, hai grabacións e, como se dixo en diferentes ocasións por parte dos Secretarios e Secretarías que tivo este Concello o en calquera outro Concello: as actas non son unha copia idéntica do que son os debates, simplemente reflicten o esencial de cada debate.

De tódalas formas comprobará o que realmente se publica.

Polo que respecta á fonte de Meiro, preunteio polo tema a Aguas de Galicia fai uns 15-20 días. En primeiro lugar correspóndelle o propietario ou propietarios a execución da sentenza que obriga a reposición dos terreos ó seu estado orixinario. No seu momento, como vostede sabe, procuróuse levalo a cabo de forma subsidiaria por parte de Augas



de Galicia, os propietarios presentaron a correspondente demanda no Xulgado porque entendía que houbo unha entrada nesa propiedade sen a autorización preceptiva xudicial e gañaron ese xuízo.

Nese momento son ós propietarios ós que lle corresponde a reposición dos terreos ó seu estado primitivo, e de forma subsidiaria a Augas de Galicia.

Cónstame que xa enviaron ese requirimento outórgandolle un novo prazo para que proceda ó tapado dos tubos correspondentes, e non sabe si xa rematou o mesmo, preguntará tamén como se fixo ata agora, pero si que estamos nesa fase: reposición por parte dos propietarios, ou de forma subsidiaria por parte do persoal de Aguas de Galicia para o cal deberán requirir no seu momento autorización xudicial.

◆ **Sr. Villanueva González (SON):**

Quixera falar de 3 acordos plenarios que non se están a cumprir e preega que se cumpran:

1. Moción do noso grupo (SON) sobre a urbanización do Río Bispo. Estamos á espera de que se dé un paso para que os veciños cedan o uso e disfrute do camiño.
2. Acordouse en pleno polos 17 concelleiros, que se elabore un Regulamento para que a oposición poida ter dereito a ver cousas. Estamos á espera.
3. Acordouse en pleno, co meu voto en contra, que os grupos da oposición teñan unha asignación de 100 € máis 10 por Concelleiro; non se está a cumprir, aínda que nos renunciámos a eles, xa que tamén votei en contra daquela, pero xa que o Sr. Alcalde cunha maioría de 12 toman esas decisións, pois que se cumpran os acordos que se toman.

◆ **Sra. Otero González (PP):**

Pregunta dirixida ó Concelleiro Sr. Castro Quiroga:

¿Cómo vai o pintado das prazas de minusválidos?

Porque no pleno anterior, o pintor xa estaba empezando cos traballos.

• **Sr. Castro Quiroga (BNG):**

Aínda non empezaron.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 23:10 horas do día ó principio sinalado, de todolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,

Asdo: Félix Juncal Novas

Asdo: Nuria Lobato del Río